

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

A destrución dun idioma
Gallego de cidade

O PARTO DAS URNAS


Este é o seu deputado



«Leri»: «Temos callos nas mans;
uns de traballar e outros de aplaudir»

VILASO

Milleiros de galegos como vostede están lendo este anuncio.



Milleiros de galegos que comparten con vostede unha inquedanza polos problemas e o futuro do seu país.

Milleiros de homes que constitúen si dúbida ningunha o sector mais conciencizado do noso pobo... Por eso, cando vostede decide anunciarse en TEIMA non está a facer un gasto sen outra contrapartida que a satisfacción persoal de apoiar unha causa.

Está a facer a inversión máis ren-

tábel prá súa empresa:
a publicidade.


¿Interésalle dar a coñocer os seus produtos?

¿Quere millorar a súa imaxe empresarial?

TEIMA ofrécelle un canle. Non o desaproveite.

As nosas tarifas e condicións de inserción serán pra vostede un motivo de agradable sorpresa. Pídaas á súa axencia habitual ou ó noso Departamento de Publicidad.
Rúa do Hórreo, 94 Santiago.

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL



Portada de VILASO

- 4** Informe. Este é o seu deputado.
- 10** Os Eidos
 - Galego de cidade.
 - Dependencia económica e clases sociáis.
- 12** Sucede no país.
 - ¿Quén queima Galicia?
 - O Bierzo: ¿a quinta provincia?
 - Camariñas: esta vida quere outra.
 - Conversa. «Leri»: «Témolas mans cheas de callos; uns de traballar e outros de aplaudir».
- 20** Pobos Ibéricos.
 - A situación poselectoral en Catalunya e Euskadi.
- 22** Resto do Mundo
 - Cerdeña non quere ser italiana.
- 24** A xente
- 26** Vieiros. A noite de San Xoán
- 28** Fiadeiro
- 30** Cultura
- 34** Cartas á Dirección

pola nosa banda

Escolma doente

Por un intre parecía que en TEIMA íamos falar, unha vez máis «pola nosa banda», dos resultados electorais. Pro somentes parecía. Coñecidos xa os nomes e apelidos dos que, en Madrid, van representa-los intereses do pobo galego, os folgos desapareceron coma por unha explosión de desacougo. Réstanos, por esta vez, en silencio transcribir —pulso a pulso— as contadas palabras das últimas semanas:

«O certo é que, quen podía ofrecer alternativas a tais situacións, uníndose pra conseguiren órganos de poder galego, non se puxeron de acordo no seu intre nin parece que o vaian facer nalgún tempo. En consecuencia, se San Benitiño do ollo redondo non o remedia, as urnas viaxarán a Madrid cheas de votos —ou non tan cheas: a abstención galega pode ser grande— absolutamente inúteis, cando non contrarios, ós intereses do noso pobo. A dereita vergonzante que se agacha baixo o nome de centro, a extrema dereita representada por Alianza Popular e un grupo da esquerda con dirección en Madrid preséntanse, segundo tódolos sondeos, como claros gañadores».

(TEIMA, número 26)

«Neses homes, grabadas coa esperanza de todo un pobo, na frente, nos ollos e nos beizos, con eles camiñan as palabras que fixeron da campaña unha festa electoral: os programas de todos eles e as promesas van ser, en adiante, a proba das mais graves responsabilidades. Senadores e congresistas, Galicia vai estar segundo a segundo pendente do mais mínimo paso voso, do mais cativo xesto. Cando estas liñas saen á rúa, cando as papeletas cobran vida aínda nas novas urnas... en Galicia cabe o tempo da esperanza. E do creto. A pesar dos comenzos, a pesar dunha democracia que aínda está por ver e que, todos, todos, todos témola que facer. Congresistas e senadores, ¡ollo! Os intereses de Galicia poranse ó descuberto».

(TEIMA, número 27)

«O País Galego, como nación, necesita urxentemente unha confluencia das forzas que, desde unha clara militancia nacionalista, aspiran a representar a ese pobo ó que aínda non souberon chegar. Somentes así se pode conseguir ese desafío que Galicia ten que presentar nesas Cortes —¿constituíntes?— pra que non a sigan sangrando e matando coma deica agora. Hai que acepta-lo resultado porque estas son as regras do xogo, pro como unha chamada de atención ó realismo. Porque o pobo aínda non falóu. As eleccións municipais terán que se-las que refrenden ese poder popular, ese desafío entre os «organizadores» do Estado. Claro que os partidos, líderes, contralderes e persoeiros nas municipais non poderán xogar á brisca como fixeron nas xerais. Sería súa a responsabilidade de que se perda este «cartucho» que aínda nos fai conserva-la esperanza».

(TEIMA, número 28)

A pesar de tódolos pesares. A pesar do quince de xuño. Aínda sendo tan difícil a esperanza.



Edita a Sociedade Galega de Publicación.

Director: Anxel Vence Lois

Xefe de Redacción: Antón López Mariño.

Reportaxes: Perfecto Conde Muruais.

Entrevistas: Xavier Navaza Blanco.

Cultura: Luis Alvarez Pousa.

Información do estado e do mundo: Xosé M. García Palmeiro.

Redacción na Coruña: Manuel Rivas.

Redacción en Vigo: Víctor Fernández Freixanes.

Corresponsáis: Guillermo Campos (Pontevedra) Xosé Platero, Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo) e Xosel Vilela (A Coruña).

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca). Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Envíannos información do Estado e do mundo: Roxelio Martínez, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya), Gregorio Gálvez (Euzkadi), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

Fotografía: Manuel Yáñez, Xurxo S. Lobato, Luis Gaiol.

Dibuxan: Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confecciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Xefe de Publicidade: Xosé M. Rodríguez Iglesias

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.»
Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvel» (215069)

Ourense: «Eudosa» Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)/

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos n^o 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitaráse o control de O.J.D.

informe

O parto das urnas

Este é o seu diputa

Veleiquei os esperados triunfadores: trintenove nomes eleixidos, tres designados. Somentes estes últimos —Cela, García Sabell, Zelada— e algún que outro dos do primeiro grupo sobrepasan a categoría xeral de descoñecidos máis ou menos ilustres.

O mesmo feito de que sexa necesario presentar ó pobo os representantes por el eleixidos, resulta xa preocupante. Pro a preocupación tórnase angustia cando o informador descobre que unha importante porcentaxe dos deputados e senadores de Galicia viviron boa parte da súa vida —ou viven aínda— fóra destes país, a centos de kilómetros de distancia física e a anos luz do coñecemento dos nosos problemas. ¿Damos nomes? Pois dámoslos: Gonzalo Fernández de la Mora, Antonio Vázquez Guillén, Luis González Seara, Xesús Sancho Rof, Pío Cabanillas Gallas... Turistas políticos todos eles, visitantes preelectorais que se achegaron ó noso país, sen outro interés que facer medra-lo capital de votos dos señores Suárez ou Fraga —segundo o amo de que se trate— pra logo volveren a Madrid y *si te he visto no me acuerdo*.

Quen non os vai esquecer durante moito tempo —anque os vexa chegar cada vran pra rillaren no marisco, disfrutaren do seu pazo nalgún caso, ou loubaren o noso *sano regionalismo*— van ser xustamente os homes e mulleres que os votaron. Aquela famosa velliña dos periódicos que quería a todo trance darlle a Suárez a súa papele-

ta, andaba moi lonxe de saber que estaba contribuíndo a *reelexir-las* antigas caras do franquismo que agora queren contarnos chistes novos. Chistes ambiguos nos que se fala de industrialización, obviando delicadamente o tema das celulosas e das nucleares; chistes que falan de descentralización e hastra de *amplios grados de autonomía* entre güisqui e güisqui, visitas á Moncloa e consultas co xefe que todo o decide.

Con todo, estes homes, por obra e gracia de Suárez e a desinformación, van representar a Galicia nas Cortes durante os próximos catro anos. Postas así as cousas, TEIMA entendeu que o pobo galego debía coñecer, canda menos, as súas caras e algo da súa traxectoria vital. As minibiografías que seguen foron elaboradas principalmente en base ós datos facilitados polos propios deputados e senadores. Nalgúns casos, a redacción deste semanario aportou información propia. Isto é todo polo momento. Tempo haberá de xuzgar polos seus feitos ós homes nados do parto das urnas.



OS HOMES DE U.C.D.
(PONTEVEDRA)

do (I)

Fernández de la Mora: de volta pra Madrid



Dos candidatos que baixaron de Madrid pra facer campaña electoral por Galicia, foi o primeiro en volver á capital de España: Alianza Popular deuse máis presa ca ninguén

á hora de facer autocríticas e recoller apuntes da lección do día 15.

O único home que AP sacou por Pontevedra naceu en Barcelona no 1924. Licenciado

en Filosofía e Letras e mais Dereito, ingresou ós 22 anos na carreira diplomática. No ministerio de Asuntos Exteriores, foi subdirector xeral de Relacións Culturais e subsecretario de Política Exterior; do 70 ó 74, foi ministro de Obras Públicas, de onde pasou a dirixi-la Escola Diplomática.

Casou con Isabel Varela e ten catro fillos. Sendo de fóra da provincia, os homes aditos ó ex vicepresidente da Diputación —Antonio Puig Gaiete— serían os seus únicos apoios.

A súa posición política, mesmo dentro da Alianza Popular, calíffcase de dereitista, xa que de sempre foi home defensor da «democracia orgánica» de Francisco Franco

e moi contrario ó sistema parlamentario democrático.

Pra Gonzalo Fernández de la Mora —a quen un compañeiro de partido non deixou de chamarlle, nun mitin en Santiago, «González de la Mora»— as fórmulas federáis son unha verdadeira contradición xurídica. «Iso sí —engade—, defendemos unha descentralización. Entendámonos: o desprazamento da xestión e resolución dos problemas ós lugares onde estes problemas se prantexan e se coñecen millor. A descentralización ten que servir pra aumenta-la eficacia do estado. O separatismo, pola contra, multiplica a burocracia, non deixa planificar e merma a efectividade gubernamental hastra chegar a anula-la completamente».

Elena María Moreno: sorpresa

Número seis da lista do Centro, levóu unha enorme sorpresa cando soupo que saíra eleixida. «Non teño —dixo— experiencia política ningunha, absolutamente ningunha, e isto é pra min dunha responsabilidade grandísima». Presentóuse na candidatura do Centro por invitación directa de Victor Moro, pro endexamáis pensando en saír.

Elena, de 33 anos, nacida en Santander, solteira e con títulos de bachillerato superior e secretariado, vive do seu traballo como administrativa do Banco de Bilbao.

Xa nas Cortes, o seu primeiro obxectivo será «defende-la igoaldade absoluta da muller co home a tó-

dolos niveis». Respecto do estatuto declaróuse partidaria dunha «autonomía total pra Galicia nas mesmas condicións que Euzkadi ou Catalunya».



Víctor Moro (UCD-Pontevedra): Un xefe

Era o seu un dos nomes que máis sonaba como futuro ministro de Agricultura e Pesca, anque el afirmaba non ter noticia ningunha. Naceu en Ribadeo hai 51 anos e do seu matrimonio con Xenoveva Suárez Saavedra ten catro fillos. Profesor mercantil, ingresou por oposición no Banco Pastor no 43 e, no corpo técnico do Banco de España, tamén por oposición, no 47. O ano seguinte pasa a vivir a Vigo e ven-céllase ás empresas pesqueiras galegas como asesor. En 1976 che-gaba a ser director xeral de Pesca Marítima, chamado polo entón ministro de Comercio, Leopoldo Calvo Sotelo. Este mesmo home, hoxe peza funda-mental da Unión de Centro Democrático, conseguiría a última hora incli-narse pola UCD a Víctor Moro, que daquela tiña contactos moi serios co Partido Popular Galego. Entre o ministro e o primeiro home do Centro por Pontevedra hai unha vella amizade que procede da súa nenez común en Ribadeo.



LLANOS

«A primeira tarefa importante que temos agora é a formulación dunha constitución que eu quixera absolutamente aberta, capaz de dar alter-nativas e cabida a tódalas posicións políticas, capaz de deixar gobernar este país, sexa quen sexa o que estea no poder».

Fundador da Xunta Democrática de Galicia, foi considerado sempre como un independente e tamén como o representante da burguesía pes-queira galega máis activa. De cara a Galicia, Víctor Moro vai as Cortes dis-posto a defende-la autonomía pra Galicia. «Agora ben, unha autonomía non é máis ca unha situación legal que vai permitir ó pobo galego contro-lar tódolos resortes que son fundamentais pró seu desenvolvemente. Terá que haber unha Xunta de Galicia, un presuposto económico prá mesma...».

Vázquez (PSOE-Coruña): «A democracia perdeu en Galicia»



E militante do PSOE dende o 1975, «aínda que de sempre me sentín socialista, quizaves por influ-xo familiar sempre tiven simpatía por este partido, no que tamén mili-tóu meu pai». «En calquera caso, cheguei a concienciar-me dun xeito definitivo con ocasión das folgas das Compañías Auxiliares de Asta-

no e dos traballadores das Pontes de García Rodríguez no ano 1975». «Da-que-la, afirma, comprendín a necesidade do traballo político e eiquí estóu».

Francisco Vázquez cre que os resultados electorais en Galicia non re-flexan exeitadamente o panorama político a causa da «gran abstención, a utilización dos resortes do caciquismo, o voto do medo e a falta de infor-mación». Por iso afirma que «a democracia perdeu en Galicia», ó tempo que, referíndose ás forzas nacionalistas galegas deixa caer iso de que «a defensa dos intereses de Galicia non se dá pola adxetivización política, senón por feitos reais». Déixaa caer pra quen queira recollela.

En Madrid loitará, di, que Galicia non quede unha vez máis marxina-da. «Como socialista parto dos dereitos dunha colectividade diferenciada a ser dona dos seus destinos. Por iso defendo un réxime autonómico en pé de igualdade cos pobos do Estado Español». Fala, ó igual que Eguibar, da unidade da clase traballadora e do Estado Federal e declárase optimista respecto á labor do sua partido e ás outras forzas democráticas, pro sin meter eiquí ós outros representantes elexidos en Galicia. «Non reconozo carácter de forza democrática á UCD, e menos ás súas candidaturas en Galicia».

E un cinéfilo e ten certo senso do humor. Cando se lle fala da súa si-tuación económica, asegura que vive do seu traballo e que fixo declaración dos seus bens e maillos da súa dona, denantes da campaña electoral».

Pérez Puga (UCD-Pontevedra): A boa imaxe

DAVID PEREZ PUGA e vi-gués e ten 54 anos, abogado, pre-sidente de SODIGA dende hai pou-co tempo. Tamén é vicesecretario do Partido Galego Independiente e procurador en Cortes, en represen-tación familiar, pola provincia pon-tevedresa. No seu día foi com-pañeiro seu de candidatura Pío Ca-banillas e os seus adversarios Víc-tor Bouzo e máis Feliciano Barrera (os dous primeiros agora en UCD e os dous segundos en AP).



Está casado con Pilar Porta-bales e é pai de oito fillas. Frente a Cabanillas, que era o pontevedrés, Pé-rez Puga foi sempre o «procurador vigués». Aparece na vida política local ó traveso da Organización Sindical, da que foi letrado nos anos 60 e chegou ser director de Asuntos Sociais con gran forza política na cidade, forza que se amosó dun xeito espeçial no axuntamento. Tódolos concellais do axuntamento de Vigo que viñan de Sindicatos pasaban pola súa man, El mesmo foi tamén concellal.

Ten sonda de saber de relacións públicas, de ter unha boa imaxen físi-ca prá política, delgado, sempre ben posto. Nas Cortes franquistas traba-llóu ben e foi un dos primeiros promotores do Grupo Parlamentario Inde-pendiente, grupo no que andaba tamén Sancho Rof, Martín Villa, etc., e do que saíron os principais homes da reforma política.

José García García (UCD-Pontevedra): Non descarta o federalismo

O número tres do senadores da UCD é pai de nove fillos, ten 55 anos e leva dende os 21 de oficial maior do axuntamento de Silleda. Cubrindo o seu soldo unha terceira parte dos ingresos que precisaba a familia, levaba tamén a contabilidade de dúas empresas da vila. De tódolos xeitos, era o establecemento textil da súa muller o que mantiña principalmente á familia. No ano 64, trala venda dunha explotación agrícola que herdada a súa esposa, montou varias granxas avícolas e porcinas.



Do 45 ó 49 foi secretario da Hermandade de Labradores e Gandeiros, cargo que deixou polo de delegado sindical, posto no que estivo hastra abril deste ano. Conelleiro Local do Movemento, traballou tamén cos movementos de apostolado segrar e máis Cáritas.

No campo empresarial, a súa presenza será constante e ascendente. No 66 foi elixido presidente da cooperativa provincial de galiñas poñedoras, sendo reelegido no 72; no 74 dimite ó ser nomeado presidente da cooperativa provincial de industrias porcinas. No 75 pasa a presidi-la Unión de Empresarios Agrícolas e a Agrupación de Gandeiros, e no 76 asume, aínda, a presidencia da Unión Territorial de Cooperativas do Campo —UTECA—. Di don José que ningún destes cargos é remunerado e que tampouco lle supuxo ventaxa ou privilexio algún.

Home do Partido Galego Independente, reclama pra Galicia un estatuto de autonomía —sen descartar pra tempos máis favorabeis unha fórmula federal—, elaborado polos senadores e deputados de Galicia destas Cortes. O campo, «polo que loitará hastra deixa-la pel», será a súa preocupación fundamental como senador.

Paz Andrade (CDG-Pontevedra): Un vello galeguista

Abogado é un dos millores especialistas pesqueiros, nacéu en Lerez (Pontevedra) hai 78 anos. A súa traxectoria histórica —director do periódico «Galicia», entre o 22 e 26, e membro do Partido Galeguista nos anos 30— costarálle o desterro nos primeiros anos do franquismo.

De volta, entrou a traballar na empresa privada do peixe. Poeta e ensaísta, o seu libro «Galicia como tarefa», editado en América hai 18 anos, considérase un libro fundamental no pensamento galego da postguerra.

Foi fundador, no seu día, da Xunta Democrática de Galicia —agrupación de forzas políticas antifranquistas, de dereita e esquerda, de cara a unha superación pacífica da ditadura—. Nos últimos tempos foi o representante da opo-



sición galega naquelas negociacións da chamada «comisión dos nove» co presidente Suárez, nas que se trataba de fixa-las mínimas condicións democráticas pra que A REFORMA fora aceptada pola oposición. Agora saíu elixido como integrante da Candidatura Democrática Galega. «A miña primeira e urxente reivindicación no Senado vai ser pedi-la autonomía pra Galicia nas mesmas condicións que pra Euzkadi e Cataluña. Mais, dada a composición dos representantes galegos, todo fai pensar que as batallas van ser moi desiguais e difíciles. Pro tamén é certo que a autonomía de Galicia non pode ser unha autonomía discriminada. Se a Galicia non se lle dá o mesmo trato cás outras nacionalidades do estado, o problema galego radicalizaráse cada día máis. A pesares da mansedumbre aparente dos galegos, millor é que ninguén se fíe dos resultados. A historia non acabou o día 15».

Perfecto Yebra: (UCD-A Coruña): ¿Autodeterminación?

Trinta e oito anos. Nacéu na Habana (Cuba), onde está enterrada a súa nai. Moi neno, voltou con seu pai pra Chantada (Lugo), onde o vello montou unha sala de cine. Perfecto estudou o bacharelato en Lugo e fixo Dereito en Santiago. Xa non se iría da Facultade de Dereito, como non fora por causa dos seus viaxes en busca de perfeccionamento na súa especialización —dereito financeiro e tributario— en Austria, Alemaña do Oeste e Portugal.

Na actualidade é profesor adxunto da facultade de Dereito da Universidade de Santiago, na cátedra de Carlos Otero Díaz, membro tamén do PGI.

A súa muller traballa coa mesma titulación no departamento de filosofía do dereito, que dirixe o señor Puy Muñoz, home de AP. O matrimonio ten cinco fillos, o mais vello, de sete anos.



Perfecto Yebra fixo a súa tese doctoral sobor de «A xusticia e o imposto sobre a renda» e entre os seus traballos figura un adicado a Alfredo Brañas. Insiste especialmente no feito de que «un dos camiños pra logra-la xusticia social é a reforma fiscal».

«Eu estou convencido —declarou a TEIMA— de que a nova constitución debe garantizárno-la capacidade de decidir por nós mesmos, pro vencellados ó resto de España. O meu partido rexeita o separatismo. E eu non entendo ben o tema da autodeterminación. Non sei pra qué pode aspirarse á autodeterminación». Defende tamén a necesidade dun Tribunal de Garantías Constitucionais.

Cando se lle pediu a súa opinión en relación co descontento xeral pola representación galega saída das urans, dixo: «Non quero contestar a iso. Eu trataré de responder por min diante de quen me elixiu, e pola xente do meu partido, o PGI, que estimo é unha opción política válida pra Galicia».

Este novo profesor universitario, recién nado á actividade política, di que se vai amañando pra vivir cos dous «soldos» que chegan cada mes á súa casa. «Sempre que poido, trato de descansar nunha casa que teño perto de Santiago». Alí matina, xoga cos fillos, le.

Perfecto Yebra é outro dos homes que entraron na política da man de Meilán Gil

Eguíbar (PSOE-A Coruña): «Seremos un océano»

Andrés Eguíbar Rivas, trinta e tres anos. Nacéu en Portugaleta (Vizcaia). Empezou a traballar dende os quince anos nos Astilleros Españoles S.A. en Euzkadi. Trasládouse logo a Galicia, desempeñando funcións de administrativo e, agora, asesor comercial. Está solteiro e, como a maioría dos candidatos, non era coñecido denantes da campaña electoral.

«Eu cheguei ó socialismo, afirma, ó comprobar na realidade a explotación dos traballadores e axudado tamén polas lecturas que levei a cabo». E fillo dun vello militante da Unión General de Trabajadores (UGT) e o socialismo del é o do PSOE.

Eguíbar cree que a nova constitución «debe recoller a tódolos efectos o autogoberno, a autonomía de Galicia nos eidos administrativo, económico e cultural, e debe reconozelo idioma galego como lingua de comunicación e expresión do noso pobo. Todo iso dentro dun marco federal do Estado, que asegure a necesaria solidariedade de tódolos traballadores».

A hora de falar dos representantes de Galicia, este deputado novo, barbudo e delgado entende que «pra defender Galicia non só van estar presentes os representantes do PSOE galego, senón que terán tamén o apoio dos outros deputados e senadores do noso partido. Non seremos unha illa, seremos un océano». ¿E os outros representantes elixidos nas urnas galegas? «Eu non quero contestar a esa pregunta», afirma de maneira cortante.



Andrés Eguíbar estivo detido dúas veces a causa das súas actividades políticas. Actualmente é membro da comisión executiva do partido e máis do consello Federal Español do Movemento Europeo con sede en Bruselas.

Vive do seu traballo, un traballo centrado por riba de todo na política psóistica este home afincado en Santiago.

Vázquez Guillén (UCD-A Coruña): Periodismo madrileño

Antonio Vázquez Guillén. — Trinta e seis anos. Naceu na vila de Cée (A Coruña). Estudou o bacharelato nos Xesuitas de Vigo e no Instituto da Coruña. Licenciado en Dereito por Santiago. Marchou a Madrid pra exercer-la abogacía, única actividade profesional á que se adicou. Nos primeiros cinco anos do seu exercicio como abogado adicou especial atención á defensa de causas que se viron diante do Tribunal de Orde Público. Está casado con Cruz Fernández de la Riba e ten catro fillos que van dos tres ós sete anos.

En 1973, fundou, con Heriberto Quesada e Alfonso S. Palomares, a empresa *Ciudadano, S.A.*, editora da revista *Ciudadano* e, pouco máis tar-

de, *Publicaciones 33*, editora de *Posible*, das que preside o consello de administración Vázquez Guillén. Tamén é secretario xeral do *Centro Gallego de Madrid* e presidente do *Club Ciudadano de Defensa del Consumidor*.

«Teño poucas aficións —declarou a TEIMA— e menos tempo aínda pra practicalas. Gústame a vela e teño un pequeno barquiño na Ría de Arousa. Prefiro pasa-lo tempo que me queda libre, que é cada vez menos, coa familia».

Declarou que non ten mais ingresos económicos cós que lle veñen do exercicio da súa profesión liberal de abogado, pola que percibe máis de dous millóns de pesetas ó ano. Como propietario dalgunhas accións nas empresas citadas denantes non recibe beneficio nin soldo ningún.

Manifestou que lle gustaría chegar ás Cortes loitando polo recoñecemento da personalidade diferenciada de Galicia, «enmarcada dentro da solución dos problemas do estado Español». «Non quero —dixo tamén—, de ningunha maneira, os privilexios dos cataláns ou dos vascos senón que se recoñeza o moito que lle debe o Estado Español a Galicia».

Vázquez Guillén asegurou que, aínda que vive habitualmente en Madrid, non significa isto alonxamento do distrito onde foi elixido nin da súa terra. «A campaña electoral supuxo pra min —afirmou— un reencontro coa terra e quero continualo. Quero cumprir a fondo coa miña función parlamentaria e presentarme permanentemente ós meus electores».

Fontoira (UCD-Pontevedra): O estatuto, pronto

Manuel Fontoira Suris. — Dunha das familias máis coñecidas de Pontevedra, o segundo senador do Centro está casado con Marina Lombos de Vicente, tamén da alta sociedade da vila. Ten 38 anos e tres fillos. Médico pediatra, gústalle moitísimo a súa profesión, xa que «non hai cousa máis bonita ca cara dun neno agradecido».

Traballa de dez a doce horas diarias, adicadas exclusivamente a súa profesión, que, segundo propias palabras, permítelle «vivir ben». Aparte das dúas horas de consulta que tódalas tardes ten na súa clínica, cobra outros soldos. A saber: médico-xefe de pediatría do Hospital Provincial, médico-xefe de pediatría da residencia da Seguridade Social e médico do Instituto Social da Marina.

«Os galegos sintense como unha rexión de España —opina sobor da cuestión nacional—, sinten necesidade de España, anque lles doa o abandono de que foron obxecto por parte do centralismo. Eu cobizo que, algún día, o sentimento de nación será un impulso visceral de toda a poboación». Mentres esto non chegue, Fontoira Suris ve necesario que a nova constitución recolla a posibilidade de estatutos de autonomía pra cada país que os reclame, «estatutos que hai que conseguir no máis breve tempo posíbel, xa que, libres do xugo do poder administrativo, haberá moitas máis facilidades prá millora do noso pobo». Este senador, disposto a defende-la maioría que votou por él, quere defender tamén as minorías que non conseguiron impoñelos seus representantes —«o feito de que non teñan deputados non indica que non existan», recoñece—. De cara o estatuto, está disposto a manter contactos con tódalas forzas galegas pra que a nova constitución recolla a maior amplitude posíbel de aspiracións.

Sobre o seu traballo parlamentario, matiza que non está dispostos a xogar o teórico papel paternalista asignado ó senado, xa que non pensa que seña tarefa desta cámara tratar de frenar ou amodera-las decisións dos deputados.

Sancho Rof (UCD-Pontevedra): «Satélite de Suárez»

JESUS SANCHO ROF ten 36 anos e nacéu en Madrid, anque a súa familia ven de Lugo e A Coruña. No seu día alguén calificóu a súa presenza na candidatura de UCD pola provincia pontevedresa coma un «satélite de Suárez» co que non se contaba, cousa que él desmintiu radicalmente. «Nacín en Madrid, pro casei cunha pontevedresa, teño moitos amigos nesta cidade e síntome moi vencellado ós seus problemas dende hai tempo —dixera—. Traballo en Madrid, pro as miñas vacacións e os meus amigos están eiquí».

Foi director xeral de Formación Profesional e Extensión Educativa, director xeral de Radiodifusión e TV, conselleiro nacional de Educación, procurador en Cortes, etc. Ten a medalla de Amigos de Pontevedra e é pai de tres fillos. De calquera xeito é un home de Adolfo Suárez (de absoluta confianza), promotor no seu día da Federación Social Independiente, alternativa que tentaba de saírle ó paso dende posicións socialdemócratas á posíbel forza de PSOE e outros grupos que daquela andaban na feira política.

Alguén falou no seu día que Sancho Rof traballaba na creación do «partido do Goberno», xunto con Martín Villa. «O núcleo do FSI —decía hai uns meses á revista «Plataforma»— está composto principalmente por xentes das últimas etapas do SEU, profesionais non comprometidos con ninguén, do Grupo Parlamentario Independiente (o mesmo no que andaba David PEREZ PUGA e MEILAN GIL), xentes do Sindicato...». Son profesionais da política, coñecedores dos mecanismos do poder, os vellos rapaces do SEU. Sancho Rof nega, con todo, ter pertencido á Falanxe Española nin ó Frente de Xuventudes.



José Antonio Gago Lorenzo (UCD-Pontevedra): Partidario do estatuto

De Villagarcía, ten 45 e casóu hai vinte anos con doña Rosa Torrado, ca que tivo tres fillos. Dono dunha xestoría e de varias auto-escuelas e tamén conselleiro - delegado de «Aibasa», concesionaria da Chrysler, dí que, de momento, non pensa en máis negocios. Foi o número catro dos deputados que a UCD sacóu por Pontevedra.

Teniente de alcalde do axuntamento de Villagarcía, presidente da Agrupación provincial de Auto - escuelas e membro da xunta nacional, é tamén vocal nacional do sindicato de ensinanza non estatal.

Está disposto a reclamar pra Galicia un estatuto de autonomía e espera que se poida conseguilo o mesmo tempo que os outros pobos do Estado. A súa maior preocupación é traballar por unha constitución que recolla as aspiracións de todos os españois.


(A próxima semana, segundo capítulo: Ourense, Lugo, os senadores do Rei).



José Rivas Fontán (UCD-Pontevedra): Defensor do estatuto

35 anos, casado e con catro fillos, os seus pais eran labregos, da parte de Xeve. Vive do seu soldo como mestre —da clases no colexio da Xunqueira—, amáis do de delegado de «Seguros Vizcaya», cargo que o propio 3 da lista do Centro por Pontevedra define como «actividade complementaria». Considérase un home independente e de feito non está integrado en ningún dos grupos da UCD.

Tivo participación activa na desmembración do Servicio del Magisterio Español, a primeira das institucións do Movemento que desapareceu, cando aínda vivía Franco, por culpa da súa declarada inutilidade. Promotor, tamén, do primeiro congreso do maxisterio da provincia de Pontevedra, foi o primeiro secretario da Asociación de Mestres saído dunhas eleccións. Diante do que él calificóu como posturas maximalistas e de intransixencia nacionalista, abandonóu esta loita profesional.




Segundo propia confesión, a lectura de Castelao e Alexandre Bóveda fíxolle reconsiderala súa postura diante do problema nacional e don José Rivas defende hoxe a necesidade de que os problemas galegos poidan ser abordados a partires do estatuto do 36 «que ten o grado suficiente de posibilidades reais de aplicación ó mesmo tempo que é o punto político máis alto que hoxe pode conseguirse. O seu traballo nas Cortes quere centralo na defensa das peculiaridades galegas e nos problemas xerais da educa-

Francisco Bustelo (PSOE-Pontevedra): ¡Viva Madrid, qu'es mi pueblo!

FRANCISCO BUSTELO GARCIA DEL REAL, casado, ten 44 anos e catro fillos. Nacéu en Madrid e en Madrid vive, anque parece que ahí unha posibilidade —segundo o seu partido— de que veña a traballar á provincia de Pontevedra. Doctorado en Dereito pola universidade francesa da Sorbona, foi catedrático de Económicas en Santiago e hoxe vive enteiramente adicado á política, pró que tivo que deixar a súa cátedra na facultade de Económicas de Madrid. Ten unha longa historia de problemas políticos e detencións, procesos e condenas, sendo a última —tres meses de reclusión— hai tres anos por mor de poñer unhas flores na tumba de Pablo Iglesias. Estivo exiliado en Suíza e foi profesor nos Estados Unidos. Está considerado da ala esquerda do PSOE.

Pró único deputado socialista por Pontevedra, tres son os obxetivos básicos do seu esquema de traballo: «sacar adiante unha constitución democrática e mais un plan urxente de medidas económicas. Respecto de autonomía, e de esperar que os deputados galegos consigamos un estatuto que satisfaga os nosos obxetivos. Nestes puntos imos depender moito da Catalunya e Euzkadi, onde oposición acadóu éxitos moi importantes e está plantexando xa o tema cun carácter moi urxente».





LINGUA FONETICA

Galego de cidade:

A destrución dun idioma

CHARO ALVAREZ E F. FERNANDEZ REI

Cando se fala dos elementos destrutivos do idioma galego, a ninguén lle esquece cita-la escola, a igrexa, os medios de comunicación, etc., nos que a lingua usual é a castelá, lingua esencialmente da burguesía que vive en Galicia. Pro a eses elementos hai que engadir outro, que co tempo pode darlle o golpe definitivo ó idioma do noso pobo.

Ese novo elemento destrutivo é a lingua que aparece en boa parte da prensa, a que usan algúns voceiros da no a cultura («históricos» e «novos»), a dalgúns conferenciantes e políticos; que ás veces, se oe pola radio, a da TVGa, a que em- plega grande parte dos «progres», etc., etc.

Esta lingua é un pseudo galego, non o galego do noso pobo, que se rexistra especialmente en xente de cidade que tivo como lingua nai a castelá, e que desgraciadamente está xa a se introducir en falantes galegos de sempre por contacto con aqueles outros.

Un profesor da universidade compostelá ten comparado a nosa situación actual co ocorrido co latín no imperio de Carlomagno: ó dárense de conta de que a lingua do pobo estaba moi «corrompida» intentaron impor por decreto o latín clásico; pro o pobo sentíu que aquilo que empezaban a fala-los da corte non era o seu e arredóuse aínda máis do modelo. Este feito foi un golpe favorábel pró triunfo das linguas romances que estaban a agromar.

Nós tampouco estamos libres de que ese galego cidadán, inzado de cousas que non son galego, provoque nos falantes de toda a vida unha reacción tal que os bote nas mans do castelán canto antes. Xa sabemos que ninguén se libra do asunto e que non se pode acusar a

quen é vítima dunha política educativa que fixo, e segue facendo, que o 80-85 % dos galegos sexamos analfabetos no noso idioma; nin a quen, de familia castelán-falante, non tivo ocasión de aprende-lo idioma do pobo onde nacéu e ó que pertenece.

Despóis do toque de alarma

imos pasar á exposición dalgunhas das características máis importantes deste galego cidadán. Naturalmente, non poden ser xeralizadas a tódalas ciñdes de Galicia nin a tódolos falante. Algunhas delas danse a nivel moi dialectal, pro nós referímonos á presenza masiva do fenómeno fóra das áreas dialectáis.

PRA ELES NON HAI «ESTROITURAS»
NIN «DIREITORES»



M.L. Rodríguez

No aspecto fonético advírtese unha frecuente despalatalización do x (óese *souva*, *Sansenso* por *xouva*, *Sanxenxo*); non se fai asimilación do -r, -s dos verbos e determinadas palabras ó artigo, e así falando din *todos os días*, por o *beber o viño* en vez de *tódolos días polo e bebelo viño* (decimos falando, porque escribindo xa é problema de normativa); din *ao, prao*, en vez de pronunciaren un ó aberto, coma o de *porta*, ben porque ás veces o ven escrito así ou ben porque están a traducir mentalmente, desde o castelán, elemento por elemento; non distinguen as sete vocáis que ten o galego, realizando da mesma maneira o e aberto (o de *cego*) e o o pechado (o de *pelo*), o o aberto (o de *porta* e o o pechado (o de *labrador*), sen decatárense de que é tan importante distinguir entre os dous o e os dous e como distinguir entre e e i, p e b.

Polo que toca á entonación, non ten nada que ver coa galega, esquecendo que cada lingua ten unha curva melódica de seu, e que sen dominar esta non se domina a lingua.

MORFOSINTAXE

E un calco da do castelán men-

tres se pode: *cho digo eu* (por *digo-cho eu*), *se caíu* (por *caíu*), *se bebéu un albariño* (por *bebéu un albariño*), *mo había dito* (por *dixéramo*), *a boa leite* (por *o bo leite*), *saúdalle de miña parte* (por *saúdao da miña parte*) Ausencia total desa xoia galego-portuguesa que é o infinitivo conxugado, que non existe en castelán (*é hora de irmos prá casa*; *ó saíres, chegaron teus pais*; *irmos e saíres* son inf. conx., do que falaremos outro día.

Outras veces búxcase o contrario total do castelán pra galeguizar unha frase, e así é corrente ler *cómo afíliase, quero que véñaste, teño ido agora á túa casa*, etc., en vez do galego *cómo SE afilia, quero que TE veñas, FUN agora á túa casa*.

Nos casos nos que o castelán non ofrece ningunha norma que seguir ou contradecir rotundamente, a confusión é total, e así aparecen nos mesmos contextos *te* e *che*, sen saber como usalos. Frases como *che vin na festa, que te dou unha labazada*, en vez de *vinTE, que CHE dou unha labazada*, etc.

HIPERGALEGUISMOS E SEUDOEVOLUCIÓNS

No aspecto léxico hai un evidente desexo de fuxir da castelanización, inventando formas aparentemente galegas. Así aparecen os hipergaleguismos ou hiperenxebriños constantemente: *orgaísmos* e *orgaizaciós* (por *organismos* e *organizaciós*), as *carreteiras* e *gabardiñas* (en vez de *carretera* —ou *estrada*— e *gabardina*), os *centíficos* e *ámetos* (por *científico* e *ámbito*), as *exprencias*, *zoas*, *caores* (por *experiencia*, *zona*, *calor*) e moitísimos máis.

Aparecen as pseudoevoluciós tipo *viútima* e *confluito* (por *vítima* e *conflito*), as *eleitricidades*, *estroiaturas* e *directores* (por *electricidade*, *estrutura* e *director*) outro día falaremos de por qué poñer *c* cando precede *e*, *o*, *a* e non *i*, *u*. Agora non nos referimos á grafía senón á presenza dunha vocal; os *segredarios* e *cadeirádegos* (por *secretario* e *cadeirático*) e tantas outras, palabras todas elas sen máis delito que seren iguais ás casteláns. Normalmente sonvocescultas, que teñen a mesma forma en galego e en castelán, pro que son tan de noso como o poidan ser deles. A historia da lingua é así, e non se pode andar aplicando hoxe leis fonéticas que hai séculos deixaron de ter vixencia.

DESVIACIÓNS SEMANTICAS

Son frecuentes tamén as desviacións semánticas. Hai quen pensa que *lugar* significa *lugar* e non «a luz da lúa»; óese, e lese, *esgrevio* por *ilustre* e non por *áspero*, *duro*; *xeira* por *serie* e non polo tempo que leva facer un traballo ou a cantidade de traballo que se fai nese tempo; na letra da Internacional en galego as cadeas *rachan*, coma todo últimamente neste país, cando antes aquí non rachaban máis cós trapos ou unha peza de roupa, ou se cadra un papel, pro que unha cadea rache xa non é cousa doada, porque é imposible. Hai quen fala do despido *ceibe* e da vida ó aire *ceibe*, coma se alguén os tivera amarradiños cunha corda que hai que soltar; non se distingue entre *derradeiro* e *último*, éste rexéitase como se fora un castelanismo: o *derradeiro* é o último dunha serie, de maneira que podemos falar da *última* subida da gasolina, e non da *derradeira*, que aínda non chegou.

Fálase do pobo *xunguido*: a xente únese, os animáís xóncense ou xónguense.

Palabras que non sabes que estean vivas en galego, de onte pro hoxe teñen unha frecuencia altísima: todo o mungo *resposta* e *remesa* algo (a variante *remexar* apareceu un día no *Progreso* de Lugo), polo visto en galego nin se responde nin se envía nada.

NON DERRAMEMO-LO GALEGO

Outro día seguiremos, e agradeceríamoslles que entre todos reuniramos un bo feixe destas cousas que se din, xa veremos cantas máis se len, pro que se non deberían decir.

O certo é que con este galego *non imos a ningures*; e de irmos, será ó aniquilamento e destrución da noso idioma no momento en que os auténticos falantes non o vexan como seu. Lembremos, por outra parte, que en ningunha loita hai empate, sempre hai un vencedor e un vencido. Loitemos, pois, do lado da nosa impedindo a súa corrupción e debilitamente fronte á(s) lingua(s) veciña(s).

Non abonda con QUERER falar e escribir galego, hai que APRENDE-LO, como se aprende calquera lingua.

Economía e sociedade

Dependencia económica e clases sociais

XOAN X. SANTAMARIA CONDE

Cando falabamos do «Colonialismo Interior e a Dependencia Económica» en Galicia (TEIMA N.º 16), resaltabamos certas limitacións deste «modelo» que, polo menos algunhas delas, dificilmente poden ser afrontadas nunha análise estritamente económica. Deixando pra outra ocasión as peculiaridades do noso subdesenvolvemento, o mesmo que a súa dinámica interna, imos intentar hoxe abordar a cuestión da «dependencia» e a súa interrelación coa dinámica social, nun senso máis amplo que o meramente económico. Teñamos en conta xa, como punto de partida, que a superación das desigualdades económicas, entre as comunidades dominantes e as dependentes, non significa que nestas fiquen resoltas as diferencias entre as distintas clases sociais. E porque nós non coidamos irrelevante, neste contexto, o tema do esbullamento ou desposesión dunha clase social por outra, senón todo o contrario, temos de resaltar tamén esta realidade. Precisamente porque este tema de tanto interés aínda está pende de investigación a nivel xeral, a pesares de certos intentos, imos tratar siquera o caso galego, a pesares de que non pasemos dunhas hipóteses previas de traballo. O mesmo marxismo que supón unha análise crítica do capitalismo non ten aínda analizado suficientemente estes fenómenos.

Galicia conta cunha lingua, cultura, tradicións, historia, etc. propias que conforman a súa especificidade como pobo. Parellamente ó seu atraso económico viñéronse dando outro tipo de fenómenos como o de que, nos últimos séculos, todo o seu peculiar patrimonio cultural fose propio das clases traballadoras e non das dominantes en Galicia. Estas últimas aínda hoxe se atopan, en gran parte, nunha situación alleante de dependencia non só económica e política, senón tamén cultural.


Agora estamos asistindo a unha serie de mutacións que están provocando o desartellamento da agricultura tradicional, da pesca, da industria, etc.; é decir, da economía galega en xeral, dun xeito que non propicia o desenvolvemento de Galicia; senón que, pola contra, o impide e dificulta. Todo esto como consecuencia dun crecemento económico dependente, baseado nun-

ha industrialización como a que se está levando a cabo. Nesta situación as clases dominantes ven medrar o seu poder económico á vez que as camadas populares se atopan, comparativamente coas outras, máis anguriadas. Así comezase a decatar os traballadores da dependencia económica do país, pero a percepción e comprensión da mesma chega, nuns casos, ao aspecto económico e, noutros, a abranguer tamén a subordinación política e cultural.

Atopámonos, xa que logo, con estes dous tipos de análises: rexionalismo funcional e nacionalismo. Si temos en conta que, en casos como o noso, a dependencia político-cultural e a económica non son máis que distintas manifestacións dun mesmo fenómeno global, a comprensión dunha delas calquera debería axudar á percepción da outra. Pero o certo é que esta diverxencia existe e dificulta claramente a solidariedade de clase.

Esa solidariedade, que ao non existir favorece a consolidación do colonialismo interior, é condición necesaria pra facer posible o autodespego económico de Galicia mediante unha planificación democrática que vertebre e potencie os nosos sectores económicos. Do contrario produciríanse, posiblemente, certos aumentos cuantitativos nas distintas magnitudes macroeconómicas: produción, renda, consumo, inversión, etc., pero quedarán sin abordarse outros aspectos cualitativos e de condicións de vida; e, moito menos, se acadará unha redución dos diferentes niveis de renda entre os individuos. Incluso é posible que, no mellor dos casos, se chegue a unha alianza interclasista, e que pretendan certos sectores, pra a superación da dependencia político-económica e o colonialismo cultural, pero aínda así tampouco se poden considerar marxinais as reivindicacións de clase.

Mentras non nos decatemos de que as reivindicacións de clase só poden seren viables na superación da «dependencia», e que a tal superación é tan prioritaria como estas reivindicacións, de tal xeito que sexan cuestións inseparables, dificilmente poderemos acadar unha Galicia nova e ceibe de todo esganamento.



Incendios forestais

¿Quén queima Galicia? (I)

O vran acaba de escomenzar. De momento, aínda, o tempo inestábel leva consigo a caída de abundantes augas. De momento, tamén, todo leva camiño de facer deste vran un tempo distinto do vran pasado, no que se chegaron a rexistrar cáseque seis meses de interminable sequía. Nembargantes, os perigos dos incendios forestais seguen ahí, diante de nós día a día e tarde a tarde no vran que se avexiña. Neste informe adiantáanse unha serie de reflexións e declara-

«As queimas de montes producidas na nosa Terra ó longo do decurso do pasado vran constitúen, do que é mal, un penoso acontecemento de sobras coñecido e pró cal se propuxeron as máis diversas explicacións, entre as que se poderían citar: 1): A acumulación do arume dos piñeiros —material altamente combustíbel—. 2): A actuación defensiva do labrego en contra da repoboación forestal, caracterizada pola anárquica implantación de piñeiros e eucalitos levada ó cabo por ICONA e que priva de pastos ó gando. 3): Un xeito de defensa contra o lobo. 4): Os intereses dos industriais madeiros, que poderían adquiri-la madeira queimada a baixo precio sen detrimento dalgunha das súas saídas coma fabricación de pasta de papel, aglomerados, etcétera. 5): A actuación de certos grupos políticos extremistas... De todas

elas —decían, no pasado outono, os biólogos de ALBE-GALICIA ó traveso da Comisión de Estudos do Problema Agrario e Forvestal (Pontevedra)— vas

que semellan ter máis partidarios son as que se refiren á repoboación forestal e máis ós intereses en xogo dos madeiros.

bondo, baratan nun estado que tamén abarata a súa utilización industrial pra fabricar celulosa. E decir, abarata o coste da madeira e o proceso de fabricación da celulosa xa que os incendios descasan a madeira e máis desecana, que son os dous pasos previos ós que se somete a madeira recién cortada pra, logo, ser usada industrialmente».

—En terceiro lugar, a queima dun monte favorece ós que queren mercar as terras ocupadas polo bosque. Cando o monte se queima, o precio do chan baixa moito —engadían distintas fontes consultadas por TEIMA— e a súa venda é moito máis fáci. «*Despóis das queimas —suliñaba «Galicia en Loita», voceiro do Movemento Comunista Galego «houbo moitas transaccións a precios de risa, aproveitándose os compradores da desgracia dos campesiños».*

Os beneficiados

Outros, pola contra, saían pola tanxente cando afirmaban, lacónica e estúpida, que o problema se debía a unha «falta total de civismo e educación. Por exemplo —argumentaban— en Galicia o can segue sendo perseguido, os bosques son algo pra queimar e os ríos son usados como verdadeiras cloacas». Pola contra, cos pés máis na terra, namentres en Lugo o campesiñado berraba «*¡queremos carne, non madeira!*», distintas organizacións políticas e sindicais —hai pouco na clan-

destinidade; agora, outras aínda na ilegalidade— tentaban unha resposta: ¿Quén queima ó monte galego? «*Quen obteña beneficios económicos do desastre*», respondían os máis. Era a primeira resposta e a máis sinxela: tratantes da madeira, intermediarios, industrias transformadoras... e quen se atope interesado na adquisición de terras a baixo precio: «*Vanse conceder préstamos a conta do Banco Mundial —chegouse a apunta-lo pasado vran— pra roturar los montes e convertilos en pradeiras. Moito tememos que, finalmente, esas terras non van ser prós labregos senón prós grandes grupos financeiros que, como se sabe, andan á procura delas. E, antecedentes, xa temos.*

Namentres as esferas oficialistas teimaban na acusación de incendiarios sobor de «*elementos subversivos da esquerda*» ou, mesmo, referíanse ós propios labregos, algunha organización salientaba tres tipos de beneficiados das queimas:

—En primeiro lugar están os intermediarios e os industriais madeiros: «*Os bosques queimados teñen que ser vendidos deseguida e a moi baixo precio. Polo demás, os mesmos propietarios dos bosques collen medo diante de incendios alleos e tentan negocia-la venda da madeira cando aínda non está queimada. Estes industriais madeiros son, sen dúbida, beneficiarios das queimas dos montes.*

—En segundo lugar están os propietarios das fábricas de celulosa: «*Da queima dos montes tiran madeira da-*

A QUEIMA FAVORECE A QUEN QUER EDIFICAR



QUEIMAR PRA MERCAR A BAIXO PRECIO



O terrorismo incendiario

Con todo, a pesares de que pra outros se trataba dunha evidencia a resposta, ALBE-Galicia preguntábase no seu estudio: «¿Segue a ser utilizable a madeira queimada —evidentemente danada— por determinadas industrias baseadas no procesamento da madeira? ¿Podería interesar, nestes sectores, unha substitución de piñeiros por eucaliptos que, como é sabido, darían un máis sustancioso rendemento nas fábricas —poñamos por caso— de pasta de papel? De feito —engadía ALBE—, xa algúns proxectos de plantas de pasta de papel presentados a trámite de ubicación basean a súa produción aportes de madeira de eucalipto que representan o 70 por cento do total, namentres que só un 30 por cento corresponden de ó piñeiro. Se isto é así, ¿podería interesarlles que o monte se queime pra realizar novas repoboacións centradas no eucalipto?»

ALBE-Galicia facías unha pregunta. Algún tempo denantes, as Comisións Campesiñas manifestábanse públicamente coa esixencia «dunha investigación fonda sobor do feito de que, nos montes que arderon, escomencen ós poucos meses traballos de repoboación. Ademáis —teimaban as CC.CC.—, a madeira queimada é pagada a precios irrisorios cando a súa utilidade é a mesma prás industrias transformadoras. Non existe, por outra banda, un control verdadeiro sobor das transaccións que fai a entidade vendedora desta madeira». As CC.CC. engadían: «O terrorismo incendiario non pode quedar impune. Seguindo o fio das repoboacións de eucaliptos pra ce-

lulosa, dos que mercan a madeira pra transformación e dos vendedores desta, da que é propietaria a comunidade, de seguro serán atopados os culpables. E compre descubrilos hoxe pra garantir-la erradicación deste mal no futuro».

Certa sorte de resposta a ALBE-Galicia había xa nas manifestacións das Comisións Campesiñas. Pola súa banda, eran os mesmos días, as Comisións Labregas apuntaban: «E curioso —que, por exemplo, os montes da Capela se queimen cando son declarados en mancomún; como é tamén curioso que a Cámara Oficial Sindical Agraria, nas súas declaracións á prensa, expoña unhas medidas demagóxicas sobor dos incendios, demagóxicas por inútiles prós labregos e, con todo, non fale pra nada das causas que non son outras —decían as CC.LL.— que o enfrentamento entre os intereses dos labregos e os das economías das grandes empresas monopolistas axudadas por unha política colonizadora sobor do campo galego».

Posta a COSA en entredito, o señor Corzo Diéguez —a pregunta de «¿quén queima os montes?»— limitábase a responder, sintomáticamente, «iso ten que decilo a policía ou a Guardia Civil. A nosoutros non nos toca averiguar iso». «¿A Guardia Civil? Pro se non fai nada...», respondían os labregos. Cento trinta e un campesiños dos montes da Capela, fronte ás declaracións que, ó traveso das cadeas da Radiotelevisión Española, un directivo de ICONA viña de facer, argumentaban: «ICONA acúsanos ós veciños de ser nós mesmos os autores dos incendios... Nós coidamos que, certamente, pode haber unha minoría que aproveitándose das circunstancias poida ser incluída en semellantes declaracións. Pro tamén sabemos que, dado o grande número de incendios habidos e tendo en conta a morte de animais, o continuo perigo que corres as novas vivendas, a chea de veces que os montes escomencaron a arder en lugares inaccesibles a pé, e infindas cousas máis, tamén sabemos que o tanto por cento de posibilidades de que sexan os mesmos veciños redúcese a cero». ¿Por qué as autoridades do orde, preguntaban os labregos, hai uns anos actuaban rápidamente e, dende que escomenzou esta forza destrutiva, non fan nin acto de presenza? «Denantes de aparecer o DDT —comentaban outros— non había escarabellos da pataca...Chegou o DDT e, deseguida, apareceron os escarabellos hastra o punto de que, enriba das leiras, chegaron a caír bolsas cheas de escarabellos botadas dende o aire... Tamén, agora, ó aparecer ICONA medra tamén o número de incendios. ¿Qué pasa?»

Cabía, nembargantes, a existencia illada dun «salario do lume» do que disfrutaban individuos tamén illados e res-

ponsables, na búsqueda do salario, dalgunha que outra queima. ¿Quen foron os sobornados? ¿Quen os sobornados? Se ben insignificante, o «salario do lume» era outra das evidencias. «¿Non é certo que os labregos teñen —comentaba o equipo de estudos ALBE-Galicia— na venda da madeira un xeito de conquistar unha liquidez económica que lles permita facer frente ós gastos imprevistos? ¿E non é certo, tamén, que moitos dos montes queimados eran propiedade privada destes labregos de pouca capacidade económica? Non consideramos probable, pois, á vista das circunstancias, a intervención dos labregos na queima dos montes» —concluían os biólogos galegos.

Burócratas da forestal

Entre tanto, namentres compre xa urxentemente que alguén escomence a tirar do fio pra atopar ós culpables da desfeita dos nosos montes, piñeiros e eucaliptais medran e medran Galicia adiante pra enche-las fames das industrias papeleiras. Non ía ser de extrañar, aínda hoxe, que toda unha serie de «caixas autónomas» chegaran a ser creadas encamiñadas directamente ós petos dos inxeñeiros forestais. Porque o certo é, namentresninguén o desminte, que nos beneficios das grandes vendas da madeira participaron, e participan, non poucos daqueles mesmos inxeñeiros forestais que, no seu día, foron importantes artifices das repoboacións forestais do franquismo. Repoboacións de piñeiros e eucaliptais, árbores de crecemento acelerado que a todos interesaban. A todos menos á maioría: ó campesiñado galego. Piñeiros e eucaliptais, obxectivo da repoboación, os incendios atopan un verdadeiro campo de cultivo de si mesmos nos boscos de resinosas ó criaren unha maior combustibilidade do material vexetal e pola acumulación de restos orgánicos sen descompoñer, moito maior nos devanditos boscos ca nos de frondosas (carballo, castiñeiro, etc.) Polo demáis, estas plantas resinosas dan lugar a un ambiente máis seco tanto no chan coma na atmósfera que o cobre. Todo a punto pra que un misto, nun día seco e de calor, sexa abondo pra queima-lo monte enteiro. Os incendios, á súa vez, determinan brutais efectos degradantes sobor do chan e créase, deste xeito, outro novo e perigoso ciclo mortal iniciado xa coa mesma repoboación.

O certo é que os incendios están a se-lo grande mal crónico de Galicia logo de que «durante anos, unha burocracia omnívoda —comentaba Domingo Quiroga—, agora en boa parte convertida á democracia, dispuxo dos

montes sen contar, en realidade e pra nada, con outros pareceres que cos dela mesma». Deixando constancia de que a penetración da auga na terra é de un 15 por cento menor no piñeiro (folla perenne) ca na fraga (carballeiras, etc., da folla caduca), Salvatore Bongiorno —catedrático de Ecoloxía nos Estados Unidos— viña a decir no pasado vran en Santiago: «A tendencia actual á plantación de piñeiros e eucaliptais é totalmente irracional no xeito en que se está a realizar e só é explicable dende unha perspectiva colonial-capitalista que busca un rendemento a corto prazo sen lle interesa-la degradación do chan».

«As árbores de crecemento máis rápido, coma o piñeiro e mailo eucalipto sobor de todo —comentaba logo Bongiorno—, consumen moita máis auga cós castiñeiros ou cós carballos, de folla caduca. As follas destas últimas árbores podrecen rápidamente na terra namentres que as follas das árbores perennifolias permanecen longo tempo sen se pudrir e orixinando unha materia doadamente infalmable e unha verdadeira alfombra illante da terra. As terras dun bosco de folla caduca son moito máis ricas cás outras xa que, coa materia podre, favorecen a unha serie de bechos que crean túneis abertos á penetración das augas». Bongiorno suliñaba despois como, os eucaliptais sobor de todo, impiden a penetración da auga e obrígana a esbarar enriba das follas orixinando, deste xeito, unha perigosa erosión da terra e o seu empobrecemento. «En Galicia está privando a ganancia económica a corto prazo e, deste xeito, plántanse piñeiros e eucaliptais. Todo isto significa, a longo prazo, o empobrecemento irreversible da terra», remataba o profesor Bongiorno.

«A nosa economía campesiña —salientaba Domingo Quiroga— cómprelle, cada día menos, o toxo. Rózase menos, polo tanto, e os montes échense de combustible». O perigo diminuíría se chovera dabondo pro, ó peor, non é así en canto escomence o vran. A técnica e mailo calor prepararon, sinxelamente, unha laboura destrutora. «Un cambio na explotación dos montes e na súa produción —argumentaba Quiroga— é unha das alternativas propostas». Despois, o profesor coruñés engadía: «¿Repoboóuse Galicia coas especies arbóreas demandadas pola súa ecoloxía? Dispoñemos de valiosas opinións que o negan. Denúnciasenas que por incapacidade, erro humano, e ás veces hastra servindo intereses contrarios ós ambientais de Galicia, a repoboación forestal foi mal orientada. Se tal cousa ocurriera —remataba Quiroga— teríamos invertidos miles de millóns en preparar verdadeiros faticos incendiarios, teríamos montada a nosa autodestrución forestal».





UN POBO EN CRISE DE IDENTIDADE

Esquencida duns e doutros, aproveitada pola oligarquía, asoballada, sufrindo a emigración, o paro, con mil e unha feridas, sempre foi o Bierzo unha comarca fóra da «vía láctea» das bondades centralistas. Aquí chegaron homes e mulleres da Galicia interior, buscando traballo nas minas, traballo que atoparon non sempre ben pagado. Mais o traballo acabou. Hoxe, tamén, dende hai anos xa o home do Bierzo ven ó mundo cunha maleta. Destino que sempre tivo, por outra parte, o home bercián do campo. Pobo galego colonizado, a maior parte dos habitantes da cidade son galegos ou descendentes de galegos. E ben certo que cáseque non se fala galego en Ponferrada, mais hai que tomar en conta a imposición do castelán coma lingua de «cultura». Unha manobra máis, de tódolos galegos conocida, é o «desprestigio» do idioma nacional galego.

A similitude dos problemas galego e bercián é total: o ensino, o abandono dos pobos, a sanidade, a colonización, dominio da oligarquía. Estes son os problemas e as fallas dunha «comarca deprimida». Duns homes e mulleres que —como ben decía Rosario Alvarez en TEIMA hai pouco tempo— «falan, viven e pensan en galego». «Triste é o cantar que cantamos, mais que facer se outro millor non hai», canta Amancio Prada, cantor do Bierzo

que atopou en Rosalía unha forma de se comunicar co pobo.

¿Onde está o Bierzo?

¿O Bierzo é Castilla, é León, ou é Galicia? ¿Quén o sabe? Agora, nin os propios berciáns teñen unha idea clara do seu problema. Hai dous meses naceu un movemento autonomista bercián, feito que hai tempo se vía vir, pola ancestral mala «entente», polo distanciamento entre o Bierzo real e a «división administrativa». Nin os leoneses da capital respetaron sempre ós berciáns nin estes chegaron a se sentir nunca verdadeiramente «leoneses». Faise imprescindible falar dos puntos do Movemento autonomista, que se di «socio-político», rexional, democrático, autónomo, interclasista, asambleario, popular e de esquerdas». O seu primeiro punto pode dar idea da situación: «denunciar la actual división provincial como contraria a los intereses regionales, especialmente la dependencia de León». Máis claro non pode estar. Con todo, non se fala pra nada dun Bierzo galego, se ben se engade un punto sobor do acercamento ás comarcas do Valdeorras e Lacedana, «para formar —di textualmente— una gran región del valle del Sil». Tamén se fai referencia á negativa de ser incluídos no plantexamento castelán-leonés, como estraño á realidade berciá. Fálase tamén de colonialismo, de marxinação, da necesidade de tomar conciencia da realidade rexional, etc. Polo que se refire ós problemas, fálase de escolarizar, da miseria dos pobos, de axudar ó campo, de que os cartos se van fóra, da emigración, da falla de traballo, de mil e un que son moi propios «do Manzanal pra acá», dunha terra que non se sente leonesa, cáseque nada.

O BIERZO

Unha Galicia a súa identidade

«Viaxeiro que vés de lonxe e vas de paso, dille ós meus irmáns da terra que é moi triste o país dos ananos», escribiu Celso Emilio Ferreiro. Mais o vaixeiro cáseque non pode aprecia-lo problema indo de paso. E pasa de largo sen velo. O Bierzo, tan cerca pro tan lonxe, coma no eslogan, é vítima do esquencemento dos uns e máis dos outros, de galegos e casteláns. Da Galicia clásica e interior, da Castilla tamén. «A quinta provincia galega», como se deu en chamarlle, non ten hoxe unha idea do que é, nin do que quere. RICARDO L. TEMEZ fálanos do tema dende Ponferrada.

rras e Lacedana, «para formar —di textualmente— una gran región del valle del Sil». Tamén se fai referencia á negativa de ser incluídos no plantexamento castelán-leonés, como estraño á realidade berciá. Fálase tamén de colonialismo, de marxinação, da necesidade de tomar conciencia da realidade rexional, etc. Polo que se refire ós problemas, fálase de escolarizar, da miseria dos pobos, de axudar ó campo, de que os cartos se van fóra, da emigración, da falla de traballo, de mil e un que son moi propios «do Manzanal pra acá», dunha terra que non se sente leonesa, cáseque nada.

Exemplo de «colonialismo» é M.P.S. (Minero siderúrgica Ponferrada), que ten as súas oficinas centrais en Madrid, onde se cocen os cartos, mais ten as súas minas no Bierzo, de onde os leva, gañados coa suor dos obreiros. Camións privados e toda sorte de vergonzas fan deste fenómeno do capital. O representante dun partido político afirmou nun mitin que «MSP está levando os cartos do Bierzo pra Madrid, está afogando económicamente ó Bierzo».

O movemento rexional bercián está hoxe nun «impasse», facendo exame do seu futuro. Pasou de largo nas eleccións, unhas eleccións nas que ninguén —nin galegos nin berciáns— falou pra nada do problema bercián.

A terra de ninguén

Disque o Bierzo é terra de ninguén, país dos ananos, esquencidos polos homes, entre Manzanal e Pedrafita. Galicia non acaba en Pedrafita, mais prás autoridades da provincia, León comenza no Manzanal. Os políticos non se dan conta, o pobo cáseque tampouco o di, inda que o sinta no fondo de si, inda que reivindique a súa galeguidade. Radio Juventud de Ponferrada ven conectando coa cadea galega de radio os domingos, a revista local «Aquiana», semanario do Bierzo e máis Valdeorras, ven reivindicando dende a súa fundación a realidade dun Bierzo nada castelán nin

sucedeno país

que perdéu ade

leonés. O cantor Amancio Prada, autor de dous elepés netamente galegos, un adicado a Rosalía e outro chamado «Caravel de Caravelles», atopóu co folclore galego un bo modo de se comunicar co pobo que o viu nacer. Como el dixo en certa ocasión: «non se pode falar dun folclore bercián propiamente».

Quitando a demagogia fraguista nos Ancares, pouco se fixo polo Bierzo por uns e polos outros. Nin o Centro Galego de Ponferrada, pouco achegado á realidade, puido facer ren, sendo pouco eficaz neste senso. A Cabreira, os Ancares, a realidade berciá, enfin, espera algo. O que lles deben os nacionalistas galegos, o que León e Castilla non lles deron xamáis. Agora ten en frente graves problemas: falla de Colexio Universitario prá comarca, o paro, a emigración, o Plan de Ordenación da cidade, todo o que compón unha «comarca oprimida e deprimida». ¿Qué se fará dende

León, se na vida se fixo nada polo Bierzo?

A pantasma do paro e a emigración, co peche aínda quente dos coutos mineiros Wagner e Vivaldi, que deixóu na rúa a cáseque mil traballadores en total volve. As solucións non son de folclore ou marxinalismo. Convénlle con urxencia saber ó Bierzo a quen quere estar vencellado. Urxe a toma de postura rexional. Ou aquí ou alí. No medio, non. Xa se viu que non dá bo resultado ser «terra de ninguén». ¿Qué quere se-lo Bierzo? Hai que saber axiña o que se é e o que se quere. Neste intre, moitos homes agardan, sen máis alternativa que toma-lo sol e esperar. ¿De quen? «Ben pensado patrón todo me debe, eu non lle debo nin siquera este sol que agora tomo. Mentras o tomo espero», escribiu tamén Celso Emilio.

Pouco lle debe o Bierzo a León. E agora ¿qué espera?



M.S.P., A OLIGARQUIA OMNIPRESENTE

Publicación galega
precisa

AXENTES DE PUBLICIDADE

en tódalas cidades
de Galicia

Condições de traballo
a convir

*Escribir ó apartado
de correos n.º 448*

Teléfono 593879 (mañás)

¡APROVEITA AS VACACIONS PRA
AUMENTA-LA TUA CULTURA..!

CEBEM

ORGANIZA:

- Curso intensivo de mecanografía
- Graduado escolar
- Curso de contabilidade e matemáticas financeiras.
- Recuperacións do BUP e máilo COU

PROFESORADO CON GRANDE EXPERIENCIA
PEDAGOXICA E PROFESIONAL

Información e matrícula na secretaría do Centro:

José Antonio, 1 - 1.º VIGO
Tf. 22 80 03

Camariñas, Vimianzo...

«Esta vida quere outra»

Dende as augas mainas da ría hastra a *costa da morte*, ó pé do Cabo Vilán. Despois da vila de Vimianzo, as parroquias de Cereixo, Camelle, Ponte de Porto, Xaviña, Camariñas... Terras e ribeiras farturentas onde, con todo, emigran xeneracións enteiras. Terras esquencidas, aga neste tempo, cando se achen os vraneantes. «*Aquí haiche de todo* —decían a Manuel Rivas de TEIMA os mariscadores da cooperativa do Cabo Vilán—, *problemas enormes co asunto do marisqueo, co traballo no agro, cos montes veciñais, coas traídas de augas, coa lus eléctrica, cos caciques que mangonean todo... problemas pra dar e tomar*». E, de certo, un reflexo do *sobrevivir* cotián en tantas bisbarras galegas.

As peripecias da cooperativa, que tentou explotar racionalmente a gran riqueza en marisco da ría, mostran que na realidade as vellas redes do poder político e económico permanecen practicamente intactas. «*Desde que fixémosla cooperativa non tivemos máis que atrancos, boicots... Foi imposible conseguilo que queríamos: un cultivo, unha extracción e unha comercialización, pra millora-la nosa vida, garantiza-los nosos postos de traballo aquí, na Terra*». A cooperativa de Cabo Vilán ten uns catrocentos socios e abrangue a bisbarra enteira. A idea de constituíla xurdiu cando, coincidindo co lanzamento do Plan Marisqueiro en 1970, algúns particulares tentaron facerse con toda a ribeira. Houbo uns cursiños de cooperativismo —o papel da mestra de Leis foi importante pra que o proxecto saíra adiante— e a maioría da xente integróuse no ano 72. Dende a cofradía xamáis miraron con bos ollos os pasos comunitarios dos mariscadores. Máis tarde este organismo chegará a unha actitude belixerante contra da cooperativa, mesmo potenciando unha *contra-cooperativa*. «*A nosa cooperativa estaba feita pola xente, tódolos cargos eran elixidos, os mariscadores participaban e decidían en última instancia, a outra foi unha montaxe dos caciques*».

LONXA OBRIGATORIA

O pouco de escomenzar a traballa-la cooperativa, dende os organismos oficiais teiman pra que entre nas canles do sindicalismo verticalista. Plantexan continuos problemas burocráticos e os mariscadores, vendo pue só así poderán funcionar aceptan constituír unha *agrupación sindical de mariscadores*, de afiliación obrigatoria. Pro non foi máis ca un primeiro atranco. Na campaña de 1976, despois de moita adicación ó coidado da ría e moitos problemas cos *furtivos*, os mariscadores fixan un precio —hastra entón tiñan que acepta-los precios impostos polos compradores ou pasar pola insegurida-

de da lonxa— e tentan contrata-la venda directamente. Os fíos dos caciques móvense axiña. O marisco terá que pasar obrigatoriamente pola *lonxa* —controlada por poucas persoas, as mesmas que controlan toda a vida na bisbarra— o que significará unha perda de moitos cartos nas mans dos intermediarios. De 3.200 pesetas que tiñan garantizadas porcincuentakilos de berberecho rebaxaránlles a 2.700 pesetas. Non era cousa nova en Camariñas. O señor *Cerdeiras*, dono dunha fábrica de fariña de peixe dunha importante conserveira, foi durante moito tempo quen tiña o control das vendas na lonxa. «*Antes xa se levaba o peixe directamente ó «plo» (depósito) da conserveira. Os mariñeiros plantáronse e dixeron que o peixe había que subastalo. El poñía precio ó seu xeito e o que non quería tiña que marchar á Coruña. Os que fixeron frente algunha vez non se lles mercóu xamáis peixe, aínda que só fixeran marrea eles*». Mesmo afirmase na bisbarra que se impediu a participación doutros compradores, e o feito de que tempo atrás fora volcado un camión no mar demostra que as cousas non fan en broma.

O devandito señor *Cerdeiras* foi propietario —agora parece que quere desfacerse deles— de tres pesqueiros de baixura. Un dos patróns foi detido por uso de dinamita na pesca. «*Queimaron o mar*». En realidade non se soubo nada do desenlace do asunto.

Os difuntos Evaristo Monzo e o crego Cabeza foron grandes amigos e firmes defensores do poder do conserveiro. Como parece selo o actual secreta-

«*QUEREMOS EXPLOTAR RACIONALMENTE A RÍA*»



UNHA RÍA FARTURENTA

rio do axuntamento, Victorino Hervás, natural de Burgos, antigo somatén, que leva no cargo dende hai uns trinta anos. E dise na bisbarra de que pra calquera asunto convén levar algún regalo pra esta tarefa hai dous apeaderos —dúas casas— onde deixa-los obsequios. Cóntase con humor en Camariñas que a unha persoa chegóuselle a decir que os galos tiñan que estar pelados, que se non, non servían.

LISTA INTERMINABLE

Voltando ó tema da leria cos directivos da agrupación marisqueira é preciso referirse a unha cuestión que condicionou a explotación da ría: os *furtivos*. Furtivos que, non sempre teñen que ver coas persoas que normalmente reciben este calificativo. Algunhas praias onde se tentaba facer cultivo de experimentación, coma a chamada da *Basa*, chegaron a ser esquilgadas véndose impotentes moitas veces os membros da cooperativa pra impedírenlo. Pra eles o roubo nas praias non respondía tanto a decisións individuáis coma a escuros intereses dalgunhas persoas que utilizaban ós furtivos prás súas fins, é decir, *pra bloquearen as actividades da cooperativa*. O transfondo do tema facíase mención nunha nota enviada ós cooperativistas pola xunta rectora e que acompañaba a un coñecido manifesto sobor do plan marisqueiro: «*Con este manifesto están de acordo tódolos mariscadores de Galicia, non así os que non o son e se veñen aproveitando do noso traballo, nin tampouco os que*

queren praias libres (non pra iren mariscar, que é moito traballo, pro si pra poderen conseguir unhas parcelas de praia en concesión, por medio de sobornos ou agardando ter un amigo en EL CARGO que lles solucione privadamente e sen publicidade esas concesións, como pasóu xa cos vosos montes».

Os veciños das parroquias da zona dixeron a TEIMA que unha práctica moi prodigada polos caciques é enfrentaren ós diversos lugares, mesmo a xente do mesmo lugar. As *traídas de auga* e os problemas que conlevan —normalmente son iniciativa dos propios veciños— son aproveitadas pra levantar resentimentos e dividir á xente. O caso de *Door* é ilustrativo. «*Algunhas autoridades e picapleitos andaron xogando conosco, supoñemos que pra quitárennos as cartos; dábanlle-la razón a uns, dábanlle-la a outros, hastra que nos decatamos que estaban a facer conosco coma coas pelotas de ping-pong*». A traída de augas de Camariñas está tamén en moi malas condicións: algúns veciños protestaron polo feito de que un servizo público desta importancia estivera nas mans dun particular.

A relación de problemas faise interminable. «E increíble que tódolos labregos teñamos que pagar un trabuco de 150 pesetas en concepto de *desagües y canalones* cando non existe nin unha soa alcantarilla. Preguntamos no axuntamento o por qué deste imposto e dixéronnos que era igual, que *se non se mete por isto métese por outra cousa*». Coa lus, tres cuartos do mesmo: «*nalgunhas teñen que muxi-las vacas con velas, e non pode ir un carreteiro coa vara levantada que lle bate nos cables, soltos como andan*». Os montes veciñais, coma en toda Galicia, pasaron a mans dos axuntamentos ou de particulares e os labregos foron botados pouco menos que a patadas... Anacos dunha realidade calada hastra agora. Homes que denuncian os seus problemas porque saben que é posible vivir doutro xeito, que *Galicia ten que ser outra cousa*.

Nieto Figueroa, concellal «rebelde» en Vigo

«Temos callos nas mans; uns de traballar e outros de aplaudir»

As próximas eleccións, anque non denantes dun ano, serán as municipais. A base mesma da política (a política local), que ó longo destas últimas décadas estivo secuestrada ou sensíbelmente mermada nas súas posibilidades, abriráse entón a novas participacións. ¿Cómo foron os axuntamentos deica hoxe? ¿quén gobernou nos axuntamentos? Antonio Nieto Figueroa («Leri») danos algunhas claves.

Dun tempo pra acá o axuntamento vigués veu protagonizando feitos que amosaron unha reacción popular importante: a praia do Bao (xa cando os tempos de Portanet), o Palaco Municipal (cando Ramilo era o alcalde da cidade), o escalectrik e a Autopista do Atlántico (con García Picher), os problemas dos barrios, o mercado do Calvario, etc. Moitas destas cuestións aínda seguen e son, por outra banda, o resultado dunha política municipal que se caracterizou polo poder omnipotente do dedo, o aplu o, os intereses agachados (velahí a especulación) e a falla absoluta de control popular e cidadán. Son tamén parte da historia viguesa...

¿Cómo se viviron estes problemas ó longo por exemplo dos últimos seis anos, desde dentro das Corporacións? «Non sei como decirlles... As corporacións —e eu falo da viguesa que é a que coñezo— son coma cerebros dormidos onde manda un único home: o alcalde. O alcalde ten o poder absoluto e a Corporación é sempre unha comparsa. Aínda que se voten as cousas máis increíbeis o alcalde ten sempre a maioría. O resto temos callos nas mans ou de traballar ou de aplaudir».

Antonio Nieto Figueroa, «Leri», é o concellal máis popular do axuntamento de Vigo, elixido polo tercio familiar dúas veces seguidas, en 1971 e 1974. Non é un home de plantexamentos ideolóxicos nin grandes análises, senón de acción e bastantes intuicións que o tiveron sempre na oposición municipal, ás veces con enfrentamentos moi duros. E traballa. A nosa proposta, denantes xa de falarmos con el, era

recolle-la vida (dende dentro) dun axuntamento galego de certa entidade nos últimos anos, cos seus problemas e a súa xestión interna. Escollemo Vigo e o home que nos pareceu máis independente da Corporación viguesa. Non é máis ca un primeiro achegamento, puramente testemuñal neste caso.

Dun tempo pra acá o axuntamento vigués protagonizou non poucos problemas, algúns vdeles con forte reacción popular: o escalectrik, o mercado do Calvario...


LERI.— Coma noutras partes, pro este é o que coñecemos. O que pasa é que as cousas viñan mal de vello e de fondo e isto era e segue sendo unha esgracia. As corporacións son unha desgracia.

T. ¿Por qué son unha desgracia?

L. A xente ou dorme nos plenos (e non necesariamente no físico senón no mental) ou aplaude. E máis nada. O alcalde ten un poder xigantesco, e a cousa é tan trágica, a composición dos concellais nomeados polo dedo é tan cativa que son coma reproducións do señor alcalde. «Si, señor alcalde. As súas ordes, señor alcalde. O que vostede diga, señor alcalde». ¿Que lles importa Vigo? Unha votación nun pleno convírtese non na discusión dun problema que pode ser fundamental pra unha cidade, coma o do escalectrik no su día, por exemplo, senón nun acto de adhesión ou rexeitamento da autoridade municipal, da personalidade do que está no mandíño e que gaña sempre, naturalmente.

O ESCALECTRIK

T. Falemos do escalectrik da rúa



«A XOGADA DO MATADEIRO ERA UN CHOIO PRA CATRO»

Lepanto. Vostede dixo a esta mesma revista unha vez que se por vostede fora grabaría o nome de todos os responsábeis deste monstro nas paredes da cidade pra que a xente endexamais os esquencera...

L. Pois claro. Foi a demostración máis clara do que estou a decir. O escalectrik xa non se debeu de admitir nun principio, pro houbo un intre no que Obras Públicas deixou nas mangas da Corporación a posibilidade de admitilo ou rexeitalo, había importantes informes en contra, a oposición activa e importante dos veciños... e nas votacións vol-

veu a vella política. Había pouco que elixiran ó García Picher como alcalde entre os concellais (¡e eu non votei! ¡érache boa!) e no intre de votármolo escalectrik ninguén pensóu nos graves perxucios que a obra podía tragner á cidade senón no ataque ou adhesión a Picher. Naturalmente a adhesión era absoluta e nin tan siquera alguén plantexóu dúbidas, vacilacións... nada, nin lles importaba. E agora xa están a decidir, anque non directamente polo de agora, que a variante que queren facer da Autopista Rande-Porriño que cruza por Lavadores é

unha consecuencia do eskalectrik, jagora sí!

T. Esa variante Rande-Porriño que cruza Lavadores e o divide ten unha forte oposición dos veciños.

L. Sí, pro tamén a tiña o eskalectrik e mira como quedou a cousa. Se a variante esta (que non estaba no primeiro proxecto) sae a votación nesta corporación... témo-la variante pesia tódalas oposicións dos veciños. Certo. Tal e como están as cousas e como estiveron deica agora o que quere o alcalde vai á misa con tódalas bendicións da corporación. E os veciños, claro, nin existen. ¿Cartos? ¿Entre a autopista e a corporación? Non o sei. Eu tanto non digo porque non o sei. Agora ben, a Autopista do Atlántico emprega tódolos medios pra ir ós seus obxectivos e o que lle interesa a esta empresa é o seu negocio e mais nada. No caso da variante en cuestión pense que aforra moitos kilómetros e moitos cartos.

O QUE DIGA O SEÑOR ALCALDE

Pódolles seguir contando de como funcionaron e funcionan as corporacións das nosas vilas e cidades. Seguimos en Vigo. Un día Ramilo veu co proxecto suntuario do Pazo Municipal que lle está a costar a Vigo unha chea de diñeiro. Portanet, o alcalde anterior, tiña outro proxecto: a ponte do Olivo, unha ponte que axilizaría o tráfico da cidade por riba do paseo Alfonso, etc, e que tamén supoñía unha boa inversión de cartos. A ponte do Olivo era, prá Corporación-Portanet, o gran descubrimento, o gran miragre urbanístico, o gran éxito do señor alcalde e ninguén a podía cuestionar. Pro cambiaron ó alcalde v(anque a Corporación seguíu sendo a mesma) e veu Ramilo. Cambiou o señor e cambiou o proxecto. A don Antonio Ramilo gustáballe mais o Pazo Municipal, anque se fixera vendendo o patrimonio público, terreos das Escolas Públicas de García vBarbón ou da vella fábrica do Gas, e plantexou o seu proxecto. ¿Qué pasou? Nada, absolutamente nada. Quen onte aplaudía a Portanet aplaudía hoxe a Ramilo e mañá aplaudiría a Picher porque non sabían mais que aplaudir. E os que entraron facendo loubanzas da ponte do Olivo saíron dando vivas afervoados ó Pazo Municipal.

T. Pró Pazo Municipal vendéronse, efectivamente, terreos do patrimonio municipal, as Escolas Públicas, os solares da Fábrica do Gas a 5.000 pts. o metro cuadrado. E non chegaban nin chegan os cartos. O Pazo Municipal gran soño de Antonio Ramilo e Fernández Areal, inaugurouse o vran pasado, cando viñeron os Reis de España, pro non se rematou. Pedíronse cretos pra ir pagando porque os cartos non chegaban e chegou un intre no que o

Banco de Crédito Local, calificando a obra de suntuaria, dixo que non daba unha cadela mais...)

L. Era unha alternativa: que o Banco de Crédito Local financiara a obra. Deste xeito podía construírse con cretos e sen toca-lo patrimonio, que é de todos e ven dos nosos abós. ¡Eche moi cómodo construír grandes obras así, botando man do patrimonio e apuntarse tantos políticos monumentais, xa que non dos outros! E a Corporación: amén.

O MATADEIRO MUNICIPAL

T. Hai pouco falou de matadeiro...

L. Seguimos por ahí, anque a historia é a mesma. A Corporación segue calada, durmindo. Isto haino que arrincar dende as raíces porque non serve pra nada, absolutamente pra nada. E estou a falar do que eu sei, nada mais. Un día plantexouse (aínda hai pouco) a necesidade de pecha-lo matadeiro municipal de Gio, que está no Alcabre. Isto aínda non morreu e no seu día vou dar nomes e apelidos porque eiquí sí que houbo intereses económicos moi concretos e importantes detrás. Son as grandes xogadas da política local, que é a base da política. Falouse de pecha-lo matadeiro. ¿Por qué?, preguntei eu. Porque estaba feito unha vergonza, o que é certo. Pro aínda así, aínda estando feito unha vergonza, é rentábel. ¿Qué pasaba? Que ó mesmo tempo fíase facer unha concesión pra construír unha entidade privada (na que había, xa digo, nomes e apelidos) outro matadeiro, pro moderno, axeitado ás novas necesidades e polo mesmo mais rentábel, anque xa non municipal, naturalmente. Por falla de quorum esta vez, ¡cousa rara!, conseguimos para-lo choio, pro non mo perdoan. Se chega a saír erá un choio como pra deixar de traballar. E logo ven o do Calvario...


T. Vemos que hai unha tendencia á privatización dos servizos públicos. Sevicios municipais que son postos, directa ou indirectamente, nas mans do negocio privado.

L. Xa digo que falamos de Vigo hoxe porque é do que sabemos mais, que non todo.

T. ¿Qué pasou co Calvario?

L. Pois era a mesma xogada. Sempre a mesma xogada. Como xa saben o Calvario é a barriada viguesa mais populosa e unha das mais obreiras. Alí hai un mercado vello e en non moi boas condicións. Pois ben, un día aparece na comisión de Gobernación unha solicitude pra abrir na Doblada, perto da Travesía de Vigo, unha gran galería de alimentación, unha galería de alimentación a nivel europeo. ¿Por qué ven isto por Gobernación e non por Urbanismo? pregunteime. Axiña apareceu: saíu a proposta de pecha-lo mercado do Calvario porque así, decían, non podía seguir.

T. Os veciños e pequenos propietarios daquela banda alporizáronse.



O PAZO MUNICIPAL
«Metéronlle man ó patrimonio vigués pra financiálo»

L. E movéronse ben, que foi o que salvou a cousa. Que fagan as galerías modernas que queiran, pro primeiro é o primeiro, neste caso o servizo ó pobo, que é o mercado público. E ¡vaia negocio era!

T. ¿E a Corporación?

L. Amén a todo. Como na «mancha de Samil». ¿Recordas a «mancha de Samil»?


T. Sí, do río Lagares, na súa desembocadura na praia viguesa saía de cando en vez unha gran mancha

de contaminación que mesmo chegaba á Punta en poucos minutos.

A «MANCHA DE SAMIL»

L. Andei tres anos detrás diso. As industrias que foron medrando arredor do río Lagares, amais de comerlle a canle ó río, fixeron o que quixeron. Cando aparecía aquela mancha, nunha praia onde ás veces hai 20 mil vigueses, a xente saía coas mans e os beizos picados. ¡E ninguén decía nada!

«NON HAI CONTROL. O SINVERGONZA FAI CARTOS»



LLANOS



T. ¿Pódese falar de «poderes fácticos» no axuntamento. Poderes alleos á Corporación...

L. Xa digo que non o sei. ¿Se tiveron moita influencia no axuntamento de Vigo as grandes potencias económicas da cidade? Home, os cartos sempre son os cartos e tal e como estaban as cousas os únicos que podían ter potencia eran eles, por eu non sei nada en concreto. O caso é que eu... dálle que dálle na corporación pra ver de despertalos hastra que un día Ramilo que me amenazou.

T. ¿Ameazouno?

L. Ameazoume xurídicamente. Lémbrome ben: «Señor Nieto, como siga insistiendo en el tema procederé contra usted jurídicamente», díxerame Antonio Ramilo. ¡Mesmo así! Logo demostrouse, anque pasou o tempo, que efectivamente había razóns pra protestar e agora o refugallo da fábrica vai ó vertedeiro de Matamá... E así unha chea de historias...

T. Vigo, por exemplo, é unha desfeita urbanística.

L. Pois claro, pro isto xa ven de vello. ¿Quen planifica unha cidade? Os intereses económicos. Eu vin dar licencias de obras dun xeito increíble. E xa sabedes que mesmo noutro tempo houbo xente que acabou na cadea por isto: cando a urbanización da banda esquerda da Gran Vía, por exemplo, ou cando as concesións de Vitrasa. Houbo xente que acabou na cadea, algún concellal. A especulación foi sempre un gran negocio que tivo cómplices moi bo no poder. Se non hai sistemas eficaces de control, se as Corporacións son comparsas ou bonecos, se non poden controlalo poder absoluto do alcalde... non hai nada que facer. Vigo é unha gran cidade económica. A cadeira da al-

caldía e unha baza política mais poderosa do que se di. Veñen cambios polo horizonte, pro que sexan a fondo.

T. Pro como é exactamente ese poder absoluto do alcalde. De feito os municipios e tán moi atados.

L. Pro poden mangonear na casa, na cidade. Había concellais que choraban de ledicia só por recibí-lo saúdo de Ramilo dende un coche. ¡E eu podo dar nomes! Outros babexaban por poder leva-lo coche ós actos oficiais, en representación do señor alcalde. Alguén se encarregaba moi ben de escollelos pra poñelos nos seus postos. E amais: un alcalde pode facer moitos favores, dende o sorriso a outros moitos. O alcalde de Vigo ten un poder grandioso, dende a presidencia da Caixa de Aforros, o patronato do Colexio Universitario, empresas, etc.... Mesmo cando morre un amigo, ¡hai concellais que lle van pedir un nicho ó señor alcalde!

T. ¿Tamén iso?

L. Tamén.

T. ¿Podemos poñelo?

L. ¡Pon, ho! E pon tamén, xa que falamos de xeitos grandiosos e abusos de poder, como cando a alcaldía de Ramilo non se me deixaba ir na procesión do Cristo da Victoria porque non quería poñer chaqué. Todos tiñan que levar chaqué, segundo Ramilo, que era así. Eu díxenlle que cando saín elixido polos meus non firmara ningún papeleño que falara de levar chaqués e que, amais, parecíame moi mal que os chaqués os pagara o Axuntamento, que a economía municipal estaba pra outras cousas. E non me deixou ir na procesión.

(Nieto Figueroa sacou once mil votos. Foi un récord no seu día. E non contaron os nulos que poñían «Leri», que é como o coñece a xente. Cando veu o rei Xoan Carlos pediulle permiso pra se presentar sen corbata, presume de independencia absoluta, de non gañar unha cadela en todo isto, de poñer-la súa honradez por riba de todo, anque se equivoque, porque o único que ten. Está casado, cunha filla e vive do comercio. E o creador dos campenatos de praias, complexo deportivo nas praias do Bao nos que, polo vran, participan gratuitamente, xogando ó fútbol e outros deportes, unhas seis mil persoas. Esta é a súa gran baza política e popular, amais da súa oposición constante).

L. Oposición, sí, pro non porque si e a todo. Hai cousas que apoio. O que non podo atuarar é a indiferencia de xentes que están nas poltronas pagados polo pobo, mantidos polos cidadáns. E agora podemos escomenzar a deci-las cousas.

T. Falas de pagar... ¿Pódense facer cartos no axuntamento?

L. Non hai control. O sinvergónza fai cartos, e moitos cartos. Hai tamén xente honrada, claro. Pro eu sempre digo que ó axuntamento ou se chega coa economía resolta ou resólvese dentro.

T. ¿E Leri?

L. A miña liña de conduta non é de agora, non é a do camaleón

tampouco, e a xente sábeo ben. Só teño unha arma, a miña personalidade. Eu non teño intereses ningún na Consistorial. E endexamáis andiven a facérlle-las beiras. Se quixera botar man das cousas... non faría esta política.

T. Falouse moito de Portanet na alcaldía viguesa. Dixeron Tamén que os millores tempos de Vigo foron os de Portanet porque tiña amigos en Madrid, concretamente Camilo Alonso Vega...

L. Tiña, pro tiña tamén unha personalidade. Era... un ditador, concentraba o poder absoluto. Pro quen lle suceden foron ditadores de patacón, que aínda é peor. Portanet tiña a Alonso Vega en Madrid, pro as portas abríanselle na capital e a cidade, anque ditatorialmente, estaba representada. Agora estes non representan a ninguén, nin teñen amigos nin teñen portas que abrir nin teñen nada. Galicia enteira o único que sab é darlles medallas ós ministros madrileños e recibir couces. ¿Sabedes quen ten mais medallas de ouro da cidade de Vigo? Os ministros de Obras Públicas, a xente que precisamente ten mais desfeita a cidade, mais esquenida.

T. ¿E certo, como denunciaron no seu día algúns grupos políticos, que o axuntamento de Vigo axudou á candidatura de UCD?

L. Directamente non o sei. Deixou dous homes importantes pra que traballaran por esa candidatura, pro non sei se iso quere decir moito. Dende logo —e eu andei moi atento— non foi coma outras veces, iso tamén hai que decilo...

T. ¿E como foi outras veces?

L. Cando Ramilo, houbo as eleccións a procuradores en Cortes e presentábanse David Péret Puga e Pío Cabanillas xuntos, fronte a Feliciano Barrera e Víctor Bouco. Eu recordo sai-los bombeiros, co traxe oficial, a pegaren carteis de Cabanillas e Pérez Puga, a encheran a cidade de carteis propagandísticos. Era unha vergonza.

T. Temos unhas eleccións municipais cada día mais perto. ¿Qué vai pasar daquela, Leri?

AS PROXIMAS ELECCIONS

L. Terán que vir cambios moi fondos. Primeiro: o alcalde ten que ser elixido por tódolos veciños. Da política do dedo xa temos coñecemento dabondo todos estes anos. Os concellais nomeados segundo o número de votos que conquiran, porque tamén pode ser que o señor alcalde queira nomear unha corporación mansa, ó seu xeito, e estaríamos nas mesmas: sería unha corporación sen capacidade de control. Do que se trata é diso: de que a Corporación represente a tódalas forzas vivas, políticas, sociais da cidade e que poidan controlar arreo o poder do alcalde, que hoxe é poder absoluto.

(Temos enriba da mesa o último telegrama que Leri mandou a Adolfo Suárez —Leri é especialista nisto dos telegramas—. Di literalmente:



«¿A CORPORACION? AMEN»

«Aumentando diariamente tensión y distancia entre administradores y administrados, reitero antiguas y múltiples solicitudes sobre urgente convocatoria elecciones municipales por sufragio universal a todos cargos actuales». Un texto semellante dirixía tamén a Felipe González).

L. Os cambios terán que ser fondos, pra arrincar todo isto, toda esta indiferencia, complicidade, nuggalla que hai agora. E hai un futuro fundamental nas Asociacións de Veciños, que son verdadeiras organizacións de base e que se están a politizar eu penso que pra ben. De despolitización estamos fartos. Claro que a alcaldía, o Poder vaise mover tamén cara a esas eleccións, que ninguén o esquenza, e pode facer das súas. Por exemplo, xa veredes como axiña o Axuntamento escomenza unha política de atención ós barrios vigueses: arranxar camiños, zonas que sempre estiveron abandonadas... Todo está pensado. Hai unha máquina política que é fundamental. A máquina política do axuntamento chámase PA EXCAVADORA, e só a pode utiliza-lo alcalde. Os concellais non, claro.

T. E con todo o señor García Picher é dos alcaldes máis «progres» de Galicia, señor Nieto.

L. Será porque o fan progre, ¿non lles parece? A supresión da pena de morte no seu día pedina eu e el apuntouse o tanto, a amnistía total tamén, a cooficialidade do galego tamén...

T. ¿Pro realmente, fálase galego nos plenos do axuntamento?

L. Eu, de cando en vez, e mais ninguén. Amais, hai unha cláusula que di que por riba de todo está o entendemento e se algún o esixe eu teño que traducir todo o que digo, fala-lo mesmo dúas veces. Aínda ninguén pediu traducións, iso tamén é certo, lástima fora. Foi máis ben un acto simbólico. Ninguén fala o galego.

T. ¿Por quen votou Leri nas eleccións do día 15?

L. Iso é unha cousa miña. Podo decir que non gañaron os meus, pro non votei por Alianza Popular.

pobos ibéricos

Catalunya A esquerda do estado

Catalunya foi quen votou máis á esquerda o 15 de xuño. Eso deu lugar a que algunha publicación poidese calificala de socialista. Houbo sorpresas moi positivas e moita euforia ó coñece-los resultados. Agora pénsase xa no novo Estatut. COSTA CLAVELL fai dende Barcelona, balance dos felices comicios.

Nun cartel escrito en castelán e posto o día 16 de xuño nunha case-ta da Feira do Libro do Paseo de Gracia de Barcelona podíase leer: «En el día de hoy, derrotadas las fuerzas facciosas, la democracia ha alcanzado sus primeros objetivos». Este cartel resumía ó coñecerse os primeiros resultados das eleccións, o sentimento de alivio das capas populares de Catalunya, compostas polos cataláns de nacemento e os novos cataláns de adopción e de traballo. Pra Catalunya as eleccións

ca da burguesía media autonomista— e o fracaso sin paliativos dos demócrata cristianos de Canyellas e a Esquerra de Catalunya aliada co Partido del Trabajo de España.

TRES FORZAS REAIS

A clarificación política que supuxeron as eleccións deixou xa na cuneta a un grupo de partidos e estableceu o xogo de tres forzas reais. A do Partit Socialist de Catalunya-

tanto o PSC-PSOE como o Pacte Democràtic non son, en rigor, partidos, senón alianzas de partidos. O PSUC, terceira forza política en Catalunya, ocupa en Barcelona capital —detrás do PSC-PSOE e diante do Pacte Democràtic, o segundo posto.

Se as dúas forzas marxistas catalanas, os socialistas e maillos comunistas, se aliasen, terían a maioría absoluta, xa que contan con quince e oito deputados respectivamente dos coarenta e sete que representan a Catalunya no Congreso. E se a estas dúas forzas, hoxe claramente autonomistas, se unen outros grupos políticos que reclaman a autonomía, como o Pacte Democràtic —once deputados—, Unió Demócrata Cristiana de Catalunya (UDCC), dous, e a Esquerra de Catalunya, un, a maioría sumaría un total de trinta e sete escaños contra os dez que poderían opoñer-selles coa suma dos nove de UCD e o solitario escaño de López Rodó, único deputado de A.P. en Catalunya.

RESTITUI-LO AUTOGOBERNO

Agora compre que esta forza democrática dos autonomistas opere coherente e intelixentemente no parlamento pra acadar-la restitución legal dos organismos de autogoberno cataláns. Catalunya gañou nas urnas con toda limpeza e claridade o dereito á súa autonomía, pro non hai que esquivar que esa autonomía ten, hoxe por hoxe, un intenso matiz marxista e que esta realidade político-social alporizará ós que din ter a exclusiva do patriotismo. O franquismo foi refugado inapelablemente polos cataláns —de orixen e inmigrantes— e a autonomía, o socialismo e o comunismo —as tres bestas negras do franquismo— son precisamente os tres factores básicos da resonante victoria democrática de Catalunya.

Plantéxase agora unha situación moi delicada e complexa. ¿Cómo van a ser satisfeitas as esixencias autonómicas e os inalienables dereitos políticos de Catalunya? ¿Vai intentarse no Parlamento darlle largas ó asunto ou, pola contra, vai

ser recoñecida oficialmente dende Madrid a lexitimidade autonomista sancionada co seu voto polo pobo catalán nas eleccións do quince de xuño?

O feito de que socialistas e comunistas —cuia converxencia de criterios neste aspecto é patente— sexan os verdadeiros protagonistas políticos que na actualidade reivindicán con máis forza e sinceridade, tanta polo menos como poidan ter Pujol, Canyellas ou Heribert Barreira, a autonomía de Catalunya ¿pode poñer en garda ó Goberno e incitalo a opoñerse antidemocráticamente a que a autonomía catalana teña un perfil marxista dacordo coa realidade do país? Mal comenzo sería este prá nova democracia que está a nacer polo ámeto da pel de touro hispánica.

UNHA NOVA LEXITIMIDADE

A pouco de coñecerse as primeiras novas que falaban do triunfo socialista, o PSC-PSOE fixo público un comunicado no que interpretaba o voto popular como «a vontade da gran maioría dos cataláns a favor da autonomía, a favor dunha Catalunya ceibe e baseada na satisfacción das necesidades populares». E engadía: «Unha nova lexitimidade nacéu e hai que respetala. Non consideraremos definitivamente asegurado o restablecemento dos principios e institucións do Estatut de 1932 hastra que volte o honorábel señor Josep Tarradellas, Presidente da Generalitat no exilio, e —recoñecido polo Goberno de Madrid como interlocutor válido o Consell ou Comisión formados polos representantes dos partidos políticos cataláns apoiados polo voto popular—, se convoquen no seu momento eleccións ó Parlamento de Catalunya, que habrá de elaborar e aprobar un novo Estatut actualizando e profundizando o de 1932, no marco dunha Lei Constitucional de Autonomía que nos recoñeza ese dereito». Madrid, pois, ten agora a palabra. ¿Será aínda unha palabra con resabios franquistas?



RAVENTOS-LOPEZ RAIMUNDO DOUS VENCEDORES



Partido Socialista Obrero Español (PSC-PSOE), Pacte Democràtic e Partir Socialist Unificat de Catalunya (PSUC), os comunistas cataláns. Cada unha destas tres forzar conta respectivamente con quince, once e oito escaños no congreso dos deputados.

O gran triunfo do PSUC —que dorprendeu polas súas dimensións ós propios militantes— sitúao, como partido, no primeiro lugar do espectro político catalán, xa que

deixaron claros tres feitos: un gran triunfo da esquerda marxista, unha abrumadora victoria dos autonomistas e un estrepitoso fracaso dos continuistas franquistas de Alianza Popular. Outras conclusións tiradas do dictamen das urnas, suliñan a escasa incidencia que a Unión de Centro Democrático —dereita de orixen maioritariamente franquista e agora convertida a presa e correndo en dereita civilizada— ten nestas terras, o relativo fracaso de Centre Democràtic —opción políti-

Euskadi

Pra empezar, a autonomía

O que primeiro sorprendeu no resto do Estado —o ministro da Gobernación referírase con insistencia ó feito— foi o baixo porcentaxe de abstención en Euskadi. Os votos iban reforzala loita pola autonomía, que pasa a ser, agora máis, un obxectivo absolutamente prioritario. GREGORIO GALVEZ dende Guipúzcoa, analiza a situación post-electoral sin perder de vista outros acontecementos.

O día 19 de xuño os deputados e senadores do Frente Autonómico xuraron os seus cargos baixo o máis que simbólico arbre de Guernica. Xuraron como lexítimos mandatarios do pobo vasco, denantes de espresar en Bayonne (Francia) a súa fidelidade ó Presidente do Goberno vasco no esilio, José María de Leizaola. Os representantes vascos poñían o acento en tres aspectos fundamentais: amnistía total, autonomía e cooficialidade do euskera, ós que sin dúbida adicarán os seus esforzos. Non lles faltará razón histórica e respaldo popular.

PSOE-PNV-MANDAN

Todos eses datos emanar tamén directamente dos resultados electorais, que sin ser tan espectaculares como os de Catalunya, colocan nos dous primeiros lugares, e por este orden, ó PSOE e ó PNV. Certamente non deixou de provocar sorpresa a victoria do PNV, que non se esperaba tan abrumadora.

O PSOE logrou porcentaxes moi parexos nas tres provincias vascas e mais en Navarra. (Guipúzcoa, 27'8; Vizcaia, 18'39, Alava, 26'8 e Navarra, 22'7).

O PNV conseguiu o seu porcentaxe máis alto en Guipúzcoa —única das provincias na que non presentou listas, por medo a perder, a U.C.D.—, co 30'6 e en Vizcaia co 22'2. Pró quedaba ben máis baixo en Alava (16'9) e sobor de todo en Navarra (7'6). Sería xustamente nestas dúas provincias onde a U.C.D. suariana apañaría máis votos 30'3 en Alava e 31'1 en Navarra. En Vizcaia baixaría cun 12'3 por cento.

En definitiva, o PSOE conseguiu dez escaños pró Congreso, o PNV,

oito, e UCD, sete. Euskadiko Ezkerra —coalición de partidos de esquerda, un deles, EIA, «revolucionaria e independentista»— logrou un (en Guipúzcoa) e A.P. outro (en Vizcaia).

Pró Senado, o Frente Autonómico —PSOE, PNV e ESEI— anotouse dez escaños, tres en cada unha das provincias, a excepción de Navarra, onde somentes logrou un, e UCD, cinco, tres deles en Navarra, e un en cada unha das outras provincias menos en Guipúzcoa, de onde saíra precisamente o único senador que conseguiu Euskadiko Ezkerra.

A AUTONOMIA E NAVARRA

E moi clara a victoria das forzas partidarias da autonomía, á que pouco pode preocupar a UCD, a pesares dos escaños conquistados. As outras conclusións despois desta primeira lectura sinalan a caída en picado de A.P. —só conseguiu un deputado— e do PCE, que non logrou ningún. Todo fala, pois, duns resultados moderados, condicionados tamén en boa medida pola división das forzas políticas vascas. Resultados satisfactorios en calquera caso que algúns observadores non deixaron de calificar de «realistas». Hai que subraiar tamén o gran porcentaxe de participación —esperábase unha abstención máis alta despois da campaña desplegada por algúns grupos políticos— que chegou case ó 72 por cento.

Agora preocupa a situación de Navarra en relación co País Vasco. A vista dos resultados parece que nesta provincia impuxéronse os partidarios da non integración de Navarra en Euskadi. Non hai máis

que fixarse no número de escaños logrados por cada forza pra comprobar que foi ahí precisamente onde reforzou a súa posición a UCD. Tendo esto en conta, os organizadores da «marcha pola liberdade» que debía rematar o 28 de agosto en Pamplona, estudian a posibilidade de desviala, buscando outro lugar. O obxectivo prioritario da autonomía podería ser interpretado polos navarros dun xeito diferente. Eiquí pesa tamén a tradición.

SUSPENSE CON DE IBARRA

Cando redactamos esta información rematara xa o prazo dado polos secuestradores do industrial De Ybarra ós familiares prá entrega de

mil millóns de pesetas e non había novidades de importancia na situación. ETA non parecía estar disposta a modificar as súas peticións, que a familia do secuestrado afirma non poder cumprir. De feito, intentou entregar douscentos cincuenta millóns de pesetas que ETA non admitiu. Nos últimos días abundaron as peticións pra que se respectara a vida do secuestrado. Entre elas, as dos senadores e deputados eleixidos e a do Presidente do Goberno vasco no esilio. «Non entendo que poida haber patriotas capaces de levar a cabo un acto semellante», dixo José María de Leizaola.

Seguía, pois, o compás de espera ó tempo que parecía medrar ó pesimismo de cara ó desenlace do secuestro.

¿Escondéu o Goberno os resultados?

X.P.

Cinco días despois das eleccións, o 20 de xuño, aínda faltaba por escrutarse o 1'70 por cento dos votos. E dicir, os resultados non eran definitivos. Esta tardanza non deixou de preocupar toda vez que a coalición vencedora é tamén a controladora do proceso dos datos e mais dos medios de comunicación estatais, radio e televisión e axencia oficial de prensa. Unha de dúas, ou os datos estaban dispostos e por algunha razón íbanse dando a coñecer pouquiño a pouco, ou realmente non estaban preparados, co

que este país estableceu un récord dificilmente superábel no que ó retraso se refire.

Cinco días despois das eleccións os electores seguían á espera das cifras totales e pormenorizadas no Congreso e no Senado, cansados xa do xogo do gato e o rato que o Goberno montara dende o Poder. Non foron poucos os que se preguntaron polo tempo que tardaríamos en coñecerlos se a UCD resultara perdedora. As veces, é millor non saber.


Madrid

Listas e finanzas

Coa victoria no papo os homes da UCD prepáranse pra formalo «primeiro goberno constitucional» que debe estar disposto cando este número de TEIMA esteña na rúa, ou incluso algúns días antes dacordo cos cálculos do noso corresponsal en Madrid, Rogelio Martínez. Será segundo tódolos indicios, unha formación que recollerá a aqueles homes máis situados á esquerda, ós autocalificados como social-demócratas con incrustacións máis moderadas. Andaban desmadradas as listas de ministrables en Madrid cando se redactaba esta información. Falábase de Fernández Ordóñez, Camuñas, Garrigues Walker, Cabanillas, Mayor Zaragoza, etc. Todos eles parecían ter posibilidades

de acompañar ós Martín Villa, Gutiérrez Mellado, Oreja, Landelino Lavilla e Abril Martorell. O novo Goberno terá á esquerda importantes e preocupantes temas. En primeiro lugar, o económico.

Por certo que os resultados económicos da campaña electoral tamén provocan doores de cabeza. A.P. perdeu 1.400 millóns de pesetas, dun total de 1.500. PSOE, 36 de 500. UCD, 144 de 800. PCE, 100 de 150. FDC, RSE e ASD viron cómo se lles iban as cantidades invertidas, 130, 30 e 13 millóns respectivamente. Agora haberá que amortizar. O malo é que tamén terán que amortizar tódolos cidadáns.



As nacionalidades en Europa (I)

Cerdeña non quere ser italiana

Cunha poboación de 1.500.000 habitantes, unha superficie territorial de 24.000 kilómetros cadrados, unha economía diferenciada da de Italia, unha historia de seu e unha lingua nacional —o sardo, falado nun 85 por cento—, Cerdeña presenta tódalas características dunha nación en situación colonial. Encol deste insólito país fálanos XOSE LOIS GARCIA, no que constitúe a primeira entrega dunha serie adicada ós pobos que na Europa de hoxe loitan pola súa liberación nacional.

A nacionalidade sarda sofre a primeira colonización no século X, polo poder pontificio, que de súpeto concede os poderes da illa ás abadías de Ripoll e Cuixá. Coa expansión catalá no Mediterráneo, Cerdeña é disputada por cataláns e por Rodolfo de Absburgo, protector dos intereses do Papa na illa. 1323 e un ano decisivo. Coa presenza imperialista dos cataláns, escómenza a resistencia de liberación nacional sarda, proclamándose a *República Libera de Sassari*, ó Norte da illa, que é ocupada no período de resistencia, do 1325 ó 1329. Dez anos máis adiante, Cataluña atópase con que a expedición mandada por Pedro de Luna é atacada por Mariano de Arborea, que neste intre conta coa protección do Papa, que o quixo coroar rei dos sardos. A morte de Mariano, a súa filla Eleonora de Arborea, ponse ó frente dos sardos contra da ocupación catalá; isto convértea na figura máis representativa e na heroína nacional do pobo sardo. Con Eleonora, Cerdeña chega a logra-la súa independencia, cando ía ser firmada polo seu home Branca Doria, os cataláns encadéano, deste xeito a coacción é aceptada polos independentistas e firman un tratado de paz en 1388, no cal renuncian, teóricamente, a loita. Este tratado será só informal, xa que os cataláns son novamente

atacados e a illa volve a estar case toda nas mans sardas.

No 1395, Eleonora de Arborea, promulga a célebre *Carta de Logu*, documento xurídico, lingüístico, político e económico que os sardos veneran na actualidade.

A morte de Eleonora en 1404, os cataláns volven a domina-la situación, por pouco tempo, dado que a resistencia toma maiores magnitudes até que, Alfonso IV de Aragón concede unha autonomía e un parlamento ós sardos, que forman parte da confederación catalá-aragonesa. A *Carta de Logu*, é traducida ó catalán e forma parte de diferentes leis do reino.

Con esta deficiente autonomía, Cerdeña entra nun período de decadencia sen precedentes até a guerra de sucesión española. O tratado de paz de Utrecht (1713) designa a Austria a protección da illa deica o 1720, que escómenza a de-



CERDEÑA

pende do Ducado de Savoia e do príncipe de Piemonte, que leva pra Cerdeña unha colonización de labregos piemonteses que serán os privilexiados e os encargados en rematar coa loita nacional dos sardos.


Coa anexión do Piemonte a Italia, Cerdeña é incorporada igualmente baixo o cetro de Carlos Alberto, que emprega unha incompreensión absoluta; desta incompreensión renace o ideal autonomista que ten por líder a Giovanni Battista Tuveri.

Italia combatéu cruelmente as secuelas autonomistas; compre lembrar que a creación do himno sardo (canto de exaltación guerreira) costóulle ó movemento sardo miles de mortos. Italia contaba cun forte continxente de emigrados sardos que compoñían a *Brigata Sassari* era a que reprimía as folgas e manifestacións. Despois dos acontecementos de 1919, a *Brigata* chega a transformarse nunha forte Federación rexional, que chegou a organizar a 50.000 sardos, transformándose no PSA (Partido Sardo de Azione), que agrupaba á pequena burguesía.

A chegada de Musolini ó poder, este manda ó xeral Gandolfo, fascista sardo, que funde o novo fascismo sardo, baixo a estrutura do PSA. Neste viro do PSA, prodúcense escisións e por outra banda, tomas de postura coma no caso de Gramsci, que declara en 1923: «Creo persoalmente que a verba de orde é, goberno proletario-campesino...». Máis adiante Gramsci expón diante do *Komintern* a cuestión sarda, da que a consigna é: «Viva a República Sarda de proletarios e campesiños na Federación Soviética Italiana». Esta consigna fai entrar en grandes contradicións ó PSA.


«DESTE XEITO CERDEÑA HOXE COMO MAÑAN SEGUIRA DOMIÑADA SI TI CALAS»

Gai Sardigna ses hoe, e gai has a esser cras, si istentas a ti fidare!



si cheres sa libertade

**VOTA
BATOR MOROS**



LINGUA E LITERATURA

O sardo é unha lingua formada no século VI, indoeuropea do grupo romance, con certa dependencia do corso, que se falaba na antiga provincia romana de Africa. O primeiro documento que estabiliza ó sardo como idioma, aparece no século X. Dende a primeira colonización sufrirá certas alteracións; primeiro cos cataláns que impoñen a súa lingua nos tribunáis, na igrexa e nas escolas. Cando a España «unitaria» dos reis Católicos tiña un predominio en Cerdeña, agudizouse o asoballo sobor da cultura nativa. Deste asoballo xurdirán dentro do sardo tres grupos dialectáis.

O marxe da *Carta de Logu* e sen esquence-la poesía patriótica de Antón Canu no XV, a literatura sarda de liberación é tardía, tendo en conta que a afirmación nacional en Cerdeña escomenza no XVIII. Neste século, xorde un fato de poetas satíricos como Pedru Pisurei, Luisi Pintore e Inmazin Mannu; o derradeiro fai revivir unha moral nacionalista pola súa obra «Innu de su patriotu sardu contra sos feudateiros».

A literatura sarda no actual século, pasa por diferentes procesos de expresión. Por unha banda os que adoptaron un achegamento ó esquema italiano e pola outra os de vocación nacional que tiñan unha certa mobilidade ó redor do poeta Batore Cabras.

ECONOMIA

A *Carta de Logu* fundamenta as estruturas económicas de Cerdeña e garantizóu por moito tempo os vellos costumes socio-económicos. No XIX, os piemonteses coidaron que a economía do pegureiro era negativa e centraron contra del unha ofensiva por meio da entronización de grandes terratenentes agrícolas. Os pigureiros gozaban de certa colectivización, esta desapareceu por decreto. O resultado desta ofensiva foi trasforma-lo pegureiro en asalariado e emigrante; isto acentúase coa «guerra comercial» entre Italia e Francia en 1887 na que se axeita en Cerdeña unha burguesía alleante, adicada á especulación capitalista. De súpeto o réxime proteccionista interrompe a

exportación de produtos agrarios a Francia.

Máis adiante a agricultura concentrada reorganizase polo monopolio capitalista introducindo unha masificación turística, implantación de bases militares como é a base da NATO no pobo de Teulada, polígonos de instrución militar e de carabinieri, e así coma industrias contaminantes dependentes das industrias de Milán e Turín.

LOITA DE LIBERACIÓN NACIONAL

O partido que domina sectores administrativos na illa sarda é a Democracia Cristiá italiana que ó percorrer de 1948 ten un descenso tanto no predomínio administrativo coma na vía electoral, que en parte débese á acción do PSA, o cal participou nas xestións autóctonas. A única oposición na década dos 50 xorde do PCI local, propulsor da autonomía sarda logrando nas urnas o 20%. Produto dos plantexamentos da coalición PSA-DC, e da autonomía pouco esclarecida do PCI, prodúcese unha escisión na esquerda do PSA, encabezada por Simón Mossa, artífice dun move-

mento clandestino, MIRSA (Movimentu Indipendentitigu Revolucionariu Sardu), fundado en 1964 e propagador do estado sardo.

No 1967, xorde outro grupo ARPAS (Associazione Regionale Pastori e Allevatori Sardu). O ARTAS chega a organizar a 4.000 pegureiros por meio do voceiro «Pastores» (pegureiros).

Dada a capacidade de loita, naceron en 1968 diferentes organizacións de diferentes matices. Unha das máis importantes é o FRSS (Frente Revolucionariu Sardu) de tendencia castrista, que xuntamente co MIRSA, UDIS, LUNISS, convírtense neste mesmo ano no FNLS (Frente Nassionale de Leberassione de la Sardigna). Coa morte de Simón Mossa coñecido como o «pai da patria sarda» en 1971, o FNLS, entra nunha crise que pronto a supera. Desta crise sae favorecido o PSA en canto á campaña electoral de 1972 ofrecendo a potenciación dun sindicato sardo. O PCI, en parte tímido pola evolución nacionalista, toma unha postura intelixente ó tornar á posición gramsciana, con respecto ó fenómeno nacionalista ó discrepar coa praxe do PSA.

«A Caixa de Vigo» é a primeira entidade de creto e aforro na provincia de Pontevedra



E, SI SE PARA A PENSALO,
NON E NINGUNHA SORPRESA PORQUE...



Ten MAIS
contas de aforro:
670.000
imponentes

Custodia MAIS
depósitos de aforro:
33.000
millóns

Concede MAIS
cretos e inversións:
32.000
millóns

Sostén MAIS
obras sociáis, con
250 millóns
de custo anual



Caja de Ahorro Municipal de Vigo

Autorizado por el B. de E. en 24/2/1977



TEIMA, no índice

Desaparecido xa o famoso índice de libros prohibidos pola Igrexa (aquele que convertía en impío a Baroja) un grupo político galego acaba de poñer a primeira pedra do que podería chegar a ser index de publicacións perniciosas prá saúde moral do bo militante. Nunha recente xuntanza de Facultade da organización estudiantil ERGA —Estudiantes Revolucionarios Galegos, integrada na ANPG— a dirección acordou democráticamente que tódolos militantes suscritos a este semanario se deran de baixa mediante unha carta na que se acusaría de antigaleguismo, antipopularismo e outros varios antis ós responsables da edición. Catro ou cinco cartas con certo cheiro a fotocopia chegadas a esta redacción nos últimos días confirman o magnífico eco que atopou a palabra de orde entre a militancia. Pesia todo, os homes e mulleres de base poderán seguir lendo TEIMA sen necesidade de agacharen o seu pecado: a autorización de lectura foi dada na mesma xuntanza por un home da dirección a preguntas dunha militante.

Namentres se trataban estes e outros trascendentais temas, Unión de Centro Democrático, Alianza Popular e Partido Socialista Obrero Español ían camiño de Madrid coas sacas cheas de votos galegos Comer non comeremos, por rir...

Por tetas, a Comisaría

Un momento, por favor. Pasen, escoiten e presten atención. «Sobre las cuatro de la tarde del día de las elecciones, en una playa de La Coruña y aprovechando el buen tiempo reinante durante toda la jornada, tres mujeres fueron sorprendidas por la policía cuando se bañaban en monobikini». Un padrenuestro e tres avemarías. Porla-señal-de-la-... ¡Ai, Señor, Señor! O autor da denuncia foi un honesto cidadán que paseaba en compañía de dous dos seus setecentos fillos

—«sí, setecentos, pro todos a escuras», afirmou—. O resto dos viandantes, non tan afectados pola visión, a punto estiveron de lle ir á chepa ó puritano denunciante. «Seguro que as tres rapazas estaban pagadas polos abstencionistas», decía un comunicado firmado conxuntamente pola dereita de toda a vida e a esquerda de antonte. Pra maior escarnio e pra que aprendan as femias, que ultimamente andan moi ó seu aire, no xornal apareceron os nomes das tres mozas e os seus domicilios. «Achí, achí to irá mejorr... ra-ta-ta-tá», declarou un membro xubilado da Inquisición namentres lambía unha revista porno.

As tetas, xa se ve, aínda seguen no índice.

Tamames, director de Feliciano Barrera

Co título Las expectativas empresariales en las encuestas de coyuntura, FELICIANO BARRERA, principal propietario do xornal «El Correo Gallego» e candidato frustrado ó Congreso nas listas de Alianza Popular pola provincia de Pontevedra, presentou hai un par de anos a súa tese doctoral na Facultade de Económicas da Universidade Complutense madrileña. A cousa non tería maior importancia —e, de feito, pasou inadvertida— a non ser pola rechamancia do nome de quen a dirixiu: nada menos que RAMON TAMAMES, economista membro do comité central PCE. Tamames, integrante do tribunal xunto con outros cinco catedráticos, concedeu sobresaliente cum laude ó traballo do aliancista. Non se produciron desgracias personais.

O comunismo non chegou a Cambados

Os apocalípticos bulos que no período preelectoral fixeron correr Fraga e a súa pandilla de

compadres —que ía vi-lo comunismo, que non ían quita-las vacas— tiveron un insospeitado eco en Cambados. Tan convencidos estaban os veciños dun dos barrios cambadeses máis populares da inminente chegada dos soviets que se lanzaron, cinta de medir na man, a face-lo reparto igualitario do pobo. Consta, cando menos, que se efectuaron as medicións correspondentes no campo de deportes do Instituto e no coñecido pazo de Fefiñáns. Por outra banda, xente houbo que reservou pisos («eu pedinllo primeiro, eh, don Fulano) a un importante propietario da vila.

O día dazaséis, pesia os apocalipsis fraguados, as casas seguían no seu sitio, os terreos da máns do seu dono e o campo do Instituto intocado. Hai en Cambados quen ri da iniciativa do garrido grupo de veciños. Outros pensan que só eles entenderon o que de verdade é a democracia.

Mazaricos: a democracia entra millor con coñac

Noutros lugares —quizaves pensando que os comunistas lles ían quita-las vaquiñas— algúns decidiron pasa-lo mal trago conectándose directamente co bico dunha botella de coñac. Foi o caso de dous membros da mesa electoral en Mazaricos (A Coruña), que trago vai, trago ven, estaban completamente iluminados a media mañán. Mandaron ós vocais de mesa —dúas mulleres do pobo— prá casa, e, xa sen ninguén que lles afease a conduta, entregáronse entusiásticamente ás libacións.

As consecuencias foron as que cabía esperar: o que facía de presidente da mesa non acertou a le-los nomes do censo, a xente impacientouse, algúns marcharon sen votar e finalmente foi necesaria a presenza do alcalde e a Guardia Civil pra retirar dos seus postos ós alegres demócratas.

O seguinte día, os periódicos falaban de «festa electoral» en España. Que llo digan ós de Mazaricos.

Homenaxe a Castelao

A derradeira semana

A próxima semana publicaremos os votos recibidos dende o peche desta edición hastra o trinta de xuño. Os cinco nomes máis votados pasarán a formar a comisión organizadora, segundo se indicou na convocatoria da homenaxe.

Por outra banda, o xeito en que éste ten de ser rendido decidiráse segundo as suxerencias dos nosos comunicantes, unha vez feito o cómputo total de votos.

Celso Emilio Ferreiro	122	Alvaro Cunqueiro	20	Isaac Díaz-Pardo, Uxio Novoneira	7
Xosé Manuel Beiras	98	Valentín Paz Andrade	19	Marino Donega, Xosé María Monterroso Devesa, Ramón Valcarce, Francisco Pillado, Antonio Quesada, Xosé M. Montero Santalla	6
Xesús Alonso Montero	95	María Xosé Queizán	17	María Elena Gago, Sebastián Martínez-Risco, Xesús Docampo Mosquera	5
Ramón Piñeiro	80	Camilo Xosé Cela	16	Xaquín Marín, Manuel Peña Rei, José María Castroviejo, Carlos Velo, Bibiano Morón, Antonio Tovar	4
Xosé Luis Méndez Ferrín	76	Carmen Santos Castroviejo	15		
Eduardo Blanco Amor	55	Xesús Vega Buxán	14		
Carlos Casares	51	Laxeiro	13		
Domínguez García Sabell	43	Xaime Illa Couto	11		
Manuel María Fernández Teixeiro, Xosé Neira Vilas	37	Santiago Alvarez, Siro López Lorenzo, Elvira Souto, Xosé María Pérez Pazallé	10		
Ricardo Carballo Calero, Francisco Rodríguez	26	Vilas Nogueira	9		
Sixto Seco, Luis Soto	23	Margarita Ledo, Ramón López-Suevos, Ramón de Valenzuela	8		
Luis Seoane	22				

Con tres votos ou menos, foron escolleitos deica agora setenta nomes máis.

Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle prá organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____

XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

- Erguerlle un moimento
 Outros (especificar)

NOME: _____

DIRECCION: _____





A noite de San Xoán

PERFECTO CONDE

«A noite do 23 ó 24 do mes de San Xoán —di Vicente Risco—, ou sexa a noite do víspera e mailo día do santo, que é o 24, coincidindo co solsticio do vrau, cando o sol, chegado ó mais outo do ceo, vai escomenzar a baixar, cando se dá, nas nosas latitudes, o día máis longo do ano, dende o cal os días escomenzan a debecer, é a data, dun cabo ó outro da área xeográfica do ciclo cultural européu ou occidental, o instante cecáis máis sinalado pra reviviren tódalas creencias e costumes dos nosos antergos máis remotos, conservadas na lembranza máis ou menos neboenta e nos degoros inconscientes da xente das camadas populares».

Estamos no mes de San Xoán, un mes que leva o nome precisamente da festividade e por algo será. Agora escóménzase a decir xuño, seguramente por influencia do proceso de degradación ó que están sometidas, quéirase ou non, as máis vellas tradicións pro é aínda moita a xente que di *mes de San Xoán* fuxindo sen dúbida do tecnocrático e calendárico *xuño* universal. Hai quen di que *a noite de San Xoán* é a noite máis importante do ano polos milagres, aconteceres e encantos que pode traer. Salomon Reinach deixou escrito que «os carballos bentos, herbas collidas no día de San Xoán, exvotos pendurados nas ponlas, curacións conseguidas pasando ó traveso dun burato dunha peneda ou pola féndedela dunha abre, isto todo prolonga hastra nós as ilusións... do tempo que pasou... Cando os paisanos choutan oi fan couta-las súas bestas ó traveso das lapaçadas das fogueiras do San Xoán, practican un vello rito céltigo...».

ANDAR AS CANCELAS

O ritual da noite de San Xoán é moi amplo e variado. En moitas aldeas, os mozos *andan ás cancelas* o que consiste en iren xuntos polas casas dos veciños pra entrar nos curros, nos pendellos ou nas cortes e coller diversos trebellos (carros, xugos, escadas, arados, etc.) sen que se decaten os donos. Segundo o lugar que sexa, así fan cos trebellos afanados. O costume mais extendido é o de poñelos todos nunha pila nun lugar onde pola mañá poda velos todo quisque e matarse de risa. Pode ser no adro da igrexa, no campo da festa, nun cruceiro ou noutro sitio calquera onde ás veces chégase mesmo a atranca-lo camiño con troncos ou ramas. Carros e trebellos van parar algunha vez ó río ou son cambeados do cabanón dun veciño pró palleiro doutro. «O caso —escribe Risco— é facer rir á xente e que os donos leven ben traballo pra recoller as cousas e volvelas traer pró seu sitio. Dende logo, que ninguén se po e encabuxar por esta broma, senón levala a ben e celebra moito».

Este nome de *andar ás cancelas* procede precisamente de que un dos seus costumes é o de arrinca-las cancelas dos

curráis, dos hortos ou dos prados pra escondelas, feito do que di Risco que non sería difícil interpretalo como rito social primitivo. A verdade é que, como tal rito, aparece ligado a outras celebracións galegas como poden se-lo víspera do San Pedro e mailo Antroido.

OS ALTARES

Outro costume da noite de San Xoán é o que practican os rapaces ó facer altares nas portas das casas e ir despois polas rúas pedindo, cun prato na man, «pra alumar a San Xoán». O altar consiste sinxelamente nunha mesa sobre da que se pousa unha banquetta ou un caixón tapados cunha cortina ou cunha saba pra poñer derriba algunha imaxe, sobre todo estampañas de san-

Galicia e, dende logo, costume rural máis ca urbano. Canto máis verde esta a leña ou o ramallo empregado pra fague-la fogueira, millor pois o fume ten sona de escorrenta-las bruxas e os espiritos ruins pra purificar á xente. Axúntase a xente ó arredor do lume pra pasar boa parte da noite cantando e baillando dando voltas á cacheira. Nalgún sitio, como sucedeu en Melide, votan ó lume as cancelas roubadas de nantes nos eidos.

Tamén acostuma a xente a collese das mans pra saltar por derriba das lapaçadas e, nalgún sitio, o rito comprende tamén diversas cántigas populares. *Salto por enriba/ do lume de San Xoán/ pra que non me trabe/ nin cobra nin can. Sálvoche lume/ de San Xoán,/ que non me roa/ cadela nin can. Pasa-los lumes de San Xoán/ pra que non me*

ces, relaciónase coa menciña popular. Crese que os enfermos da pel, sobre todo, deben brincar *en pelico*, é decir encoiros. Os nenos son pasados por derriba do lume, entre o padriño e a madiña, mentres se recita aquilo de *Enfermo cho dou, devólveo san*.

Cando o lume xa vai esmorecendo e non quedan máis cás brasas, acostúmase a saca-lo gando pra facerlle pasar por derriba das cinzas seguindo o costume que di que isto é bo pra libra-la

facenda de doenzas, meigallos, fridas de ollo, etc. Non falta quen bota herbas menciñeiras ou recedentes (Melide) ou cañotos das berzas (Viveiro) nas brasas esmorecentes.

En moitos lugares de Galicia (Melide, Deza, Verín, etc.) espétanse herbas e flores do tempo nas xuntas das paredes das casas. A auga das fontes santas ou milagreiras adquire maiores virtudes na noite de San Xoán. Por iso moita xente métese nelas ou lávase polo menos ó chega-la medianoite. Unha tradición recollida por Risco na Gudiña (Ourense) asegura que son tamén as bruxas as que fan uso da auga nesa noite facendo trasnadas como é botarlle a auga polo lombo a algún dos que acuden pra se curar.

AS NOVE ONDAS

Entre os ritos fundamentais da noite de San Xoán hai un que se sitúa na praia da Lanzada, perto de Pontevedra. Sen dúbida, o máis importante de todos. Trátase dun rito menciñeiro, curativo do meigallo e tamén rito da fecundidade e mesmo curativo dalgunha enfermidade. Parte do rito comprende o chamado *baño das nove ondas* que consiste en que o suxeito hase bañar completamente espido até ser batido por nove ondas.

Outras usanzas fan referencia a que na tarde e na noite de San Xoán se recollen diferentes herbas e flores pra deixa-las en auga e lavarse a xente con ela ó día seguinte. Hai prácticas adiviñatorias que farían moi longa agora a súa referencia que non debe rematar sen aludir ó baile do sol, fonda creencia galega que asegura que baila este astro na mañá do día de San Xoán. Romances, coplas, cántigas e proverbios aluden reiteradamente a este feito.



A cachela de San Xoán, asegún Castelao.

tos. Chegou mesmo a haber concursos de altares.

AS FOGUEIRAS

O máis coñecido, nembargantes, son as fogueiras ou *lumes, lumeiradas, laradas, cachelas* ou *cacharelas*. Despois da cea, nas primeiras horas da noite, alcéndense perto das casas ou nas praciñas das vilas. Parece un costume máis extendido no norte ca no sur de

morda cadela nin can,/ nin cantos males han.

Con respecto a este costume de brincar por derriba do lume hai diversas creencias. Disque a moza que consegue saltar sen tocar nas lapaçadas casa dentro do ano. O bo salto débese facer varias veces, en número impar e indo unha vez dun lado e a outra do contrario. Nas terras do Bolo (Ourense) se alguén se nega a choutar, é obrigado polos demáis que o botan derriba do lume. O acto de saltar, *salvar* dise ás ve-

• LIBREIRIAS •

A Cruña

montero ríos, 50
teléfono: 59 36 55
Santiago



abraxas

Lugo

Ourense



Gráficas Tanco

librería
papeleiría
encadernación

josé antonio, 20 - tfno. 21 17 42


Pontevedra

Seoane

LIBREIRIA - PAPELEIRIA


García Camba, 6

Tfno: 85 72 46




**RO
GA
TI
VMS**


**MANDA UHA
TREBOADA
GRAN SEÑOR**



**PRA QUE FIN
DE A SEDE
DOS MEUS
CAMPOS**



**¡MANDA A
TREBOADA
CARALLO!**



O gran derrotado



O 15 de xuño houbo cáseque máis perdedores que gañadores. Entre os primeiros habería que contar a Galicia —orfa de representantes nas novas Cortes—, á esquerda en xeral, ós demócrata-cristiáns, que nin con auga bendita, e, evidentemente, a Alianza Popular.

Pro o gran derrotado foi un cadavre que dorme todo tipo de sonos nun val premonitoriamente bautizado como «de los Caídos». Un cadavre que, en vida, gardóu tódalas chaves dunha inmensa finca chamada España, con capital na Plaza de Oriente e sucursáis en tódalas provincias.

Un home que cría estar fundando un *Estado novo* destinado a durar mil anos. Un home a quen moi poucos lembran despois de catro décadas de se-los seus súbditos.

Seguramente sobran os epitafios.

Intolerable



Unha proba evidente dos excesos a que está dando lugar a posta ó día da Igrexa. Se hastra os curas bos —os de sotana, naturalmente— caen nas frivolidades propias dos cregos roxos, ¿ónde iremos para-las xentes ben pensadas?

Tiña razón Camilo, o bispo ourensán-temiñense do Palmar de Troya: non está lonxe unha nova guerra civil. Se pasamos do latín ó galego, da sotana á arte no vestir e de Roma a Santiago, os partidarios da familia, o sindicato e o municipio veremónos na obriga de empezar a cristazos con canto crego atopemos por diante. Porque mesmamente e parece que non é só ó Papa a quen lle botan drogas no café con leite.

CAITANO Por XAQUIN MARIN

**DEIXANME FALAR MOITAS
COUSAS...**

**PORQUE SOIO SOM DE PAPEL,
QUE SE NON!...**





Reimundo Patiño:

Cara a unha arte popular galega

X.M. SANCHEZ PEREIRO

O Reimundo Patiño ademais é galego militante dende os tempos en que o eran poucos, tempos dos que rexeita falar en público («eu fun un individuo nunha loita colectiva»), tempos nos que, como di Beiras «falar galego e levar garavata era tan perigoso coma levar unha bandeira roxa na man».

O Reimundo, estraña especie de habitante das estrelas ou anxo caído no madrileño Paseo de Extremadura, traballa nun banco, ten dúas fillas ledas e de ollos gazos, e cando non ten que atura-los innumerabeis amigos que lle van toma-lo café, dibuxa ou pinta.

X.M.— Eu acordo unha conferencia túa, no Club de Amigos da Unesco en Madrid, na que te alporizabas contra uns enemigos imaxinarios, que negaban a existencia dunha pintura galega...

Reimundo.— Non son tan imaxinarios, hai xente que aínda non se dá conta de que xa ó xurdi-lo galeguismo, a partires dos precursores, houbo unha preocupación pola creación dunha arte galega da Galicia. Naquel intre nós estabamos asoballados por unha arte de orixe mediterránea e académica que non tiña nada que ver con Galicia, por iso non aparecían pintores; pro máis tarde con Castelao e logo cun fato moi valioso no que había xente como Maside, Souto, Colmeiro, Seoane, De Miguel, etc. que crean unha arte nidiamente galega nese intre, nega-la evidencia, é ser moi miope ou moi testán... ou querer selo. Nótase ben claro que falamos dunha escola e non dun estilo diferenciado. Pro cando xa non se pode nega-la existencia dunha literatura, dun pensamento galego, os que quixeran nega-la realidade dunha cultura galega, recurren a decir que non existe pintura, mais sí pintores galegos; iso é unha parvada, o que sí existen son moitos pintores nados en Galicia que non pertencen á escola da pintura galega...

X.M.— Admitindo a realidade

dunha pintura, desa pintura galega, ¿qué misión ten diante dunha sociedade en desfeita coma a nosa?

R.— Crear unha arte de urxencia, facer unha arte que sexa do noso tempo e do noso país e que garde, por un lado, as formas tradicionais, as formas herdadas dos devanceiros pra conquistar salvas e recuperalas, pro non pra durmir en-

riba delas, senón pra actualizalas; e por outro lado, que sexa unha arte de hoxe.

X.M.— ¿Pódese falar, logo, dunha misión «trasmisiva» da pintura?

R.— Sí..., a misión trasmisiva da pintura pra min está referida ó tempo; é un concepto do espacio, un concepto de relacións de formas


nun plano, e ese concepto non é gratuito, senón que ven dado por... (non me sae a verba, coño)... ven dado pola época, e permítenos ter un abecedario completo, un manual do que foron e pensaron as comunidades no seo das cales se lle deu forma. Isto vese ven claro ollando unha obra doutro período; por iso é importante a creación dunha pintura galega que nos permita recupera-lo noso ser en perigo.

X.M.— Hai na túa obra unha case negación da obra como algo único, coma obxecto de propiedade exclusiva, o cal supón, en definitiva, darlle un carácter de clase á obra... non o ves ti así?

R.— ¡Home claro!, a Estampa Popular Galega era un intento de populariza-la arte, de facela asequíbel ó pobo; bueno, eu decatéime máis tarde de que, sendo moi louvável ese intento, o único que facíamos era aumenta-la sociedade do consumo, porque o que facíamos non era lograr que a arte estivese inmersa no pobo, senón que a xente mercara unhas estampas e puidese telas na casa, e fose coleccionista, coleccionista-propietario. O que hai é que facer desaparece-lo concepto actual de arte no cal o artista ten que ser sempre distinto, variado. Os artistas populares, os dos cruceiros, os que grababan nos xugos do gando, non firmaban.

X.M.— Cecáis por todo isto plantexácheste o cómic como medio de expresión, como proposta de mundos novos...

R.— Un paso máis adiante foi, nefeuo, a creación do cómic. O cómic ten unha chea de dificultades, por ser necesaria unha industria libreira, e unha industria editora e distribuidora, é decir, unha cantidade de cartos que pra qué, pro nembargantes era xa colle-las armas do enemigo, as armas da chamada, non sei se por ironía, «cultura de masas», trocalas de signo, reconvertilas en liberadoras.





X.M.— Nas historias longas de X. Marín e nas túas a temática é a mesma ou semellante: un pobo que loita por sobrevivir, única e desesperadamente.

R.— Nós fomos excesivamente pesimistas adrede, un espello deformante, as contradicións radicalizadas pra poder denuncialas millor. Momentáneamente son unhas mensaxes de urxencia, xa faréi outras cousas, pro agora hai uns problemas, uns perigos (destrución ecolóxica, emigración, dependencia colonial, etc.) que me impiden facelo.

X.M.— Chegados eiquí, gustaríame saber algo máis do Reimundo-persoa, xa sabes, o que

decía Seoane de que «o artista milita no galeguismo a pesares del mesmo»... non sei se me entendes...

R.— Non, se xa te entendo, pro a historia persoal dun individuo é moi íntima, e xa estou un pouco canso de basea-las cousas en personalidades: o que che podó decir é que nacín nunha época na que ter noticia certa do que era Galicia e do que se fixera denantes era un verdadeiro milagre, e que, nembargantes, fómonos concienciando un fato de rapaces e fomos intentando perseguir esa Terra ideal, até ir tendo noticias dela, e nesa fidelidade a Galicia sigo hoxe.

CINE

Comunicado do cine das nacionalidades

Logo da celebración do II Simposio do cine das nacionalidades en Sant Feliú de Guixols (costa Brava), no que o País Galego estivo representado por Luis Alvarez Pousa e Xosé Luis García, fíxose público un comunicado que, dado o seu interese polo que ó noso cine se refire, reproducimos. Somos conscientes sen embargo de que o «comunicado» ven ser máis ben un enunciado reivindicativo, pro ten a súa importancia, porque é un documento colectivo máis, e porque pouco a pouco a concienciación da base terá que ser transpirada á forza polos que, a ver si agora estruturarán a política cinematográfica a nivel de Estado. Política que terá que ser realista. Porque, señores de «El País», non só existen Catalunya e Euskadi, históricamente nacionalidades en pleno dereito. Galicia, mal que lles pese, está eiquí.

Diante da actual situación cinematográfica no Estado Español e como reflexo da súa realidade plural, os participantes no II Simposio de Estudios Cinematográficos de Sant Feliú de Guixols fan públicas as seguintes constatacións:

- 1.— Que esta pluralidade maniféstase en tódolos territorios, pro a diferentes nivéis —marco colonial, marco nacional, marco rexional— e en alternativas que van desde a autodeterminación ás autonomías de xestión.
- 2.— Que por outra banda e en casos concretos, isto fai ineludíbel a normalización lingüística no uso de tódolos medios audiovisuais, conlevando o recoñecemento como oficial do idioma de cada pobo.
- 3.— Que isto inclúe tamén unha vertente económica na que se contempla non só a participación paritaria na administración, senón tamén na compensación do que lles foi negado durante séculos e, moi especialmente, durante os últimos corenta anos.

Polo mesmo, e dun xeito concreto, dirixímonos á consecución real de:

- a desaparición do NO-DO e o pase das súas estruturas de produción e distribución ós centros de xestión democrática de cada un dos pobos.
- un apoio directo e decidido á cortometraxe, en tódalas súas facetas, como estímulo potenciador das diferentes cinematografías.
- o paso á xurisdición dos diversos gobernos dos centros de xestión autóctonos dos até agora chamados «Centros Regionales de TVE».
- a equiparación inmediata, a efectos legais, de tódolos formatos do material cinematográfico.

- a desaparición de trabas administrativas no acceso á profesionalidade nos diferentes campos.

- a abolición dos controles nas ensaanzas cinematográficas e a creación de centros de ensino en tódolos ámbitos do Estado.

- a liberdade absoluta no uso do feito cinematográfico a tódolos nivéis (creación, produción, distribución e exhibición).

- a supresión da doblaxe ou, polo menos, a opiconalidade lingüística na súa presentación pública.

- o control radical das sociedades multinacionais de distribución e das súas ramificacións na produción e exhibición.

- evita-las concentracións de exhibición por parte dunhas poucas compañías que aproveitan privilexios contractuais en perxucio dos dereitos do espectador.

- potenciar ou crear «casas do pobo» ou outros organismos que sexan destinados a promover a cultura popular baixo a xerencia directa dos seus destinatarios.

- poñer especial atención no cine infantil e didáctico, coa provisión dos medios humanos e económicos, así como técnicos, necesarios segundo a liña que xa quedóu sinalada polas conclusións e informe adxunto do I Simposio de Sant Feliú de Guixols.

Resumindo, esixímo-la asunción das devanditas reivindicacións por parte da administración estatal, como medio ineludíbel pra consecución e normalización das cinematografías nacionais e rexionais.

Sant Feliú de Guixols, 3 xuño 1977

Comunicación

«Heraldo de Galicia» e as eleccións republicanas

O artigo que sobor do semanario ourensán escribe ALFONSO MAGARIÑOS ten unha rabiosa actualidade. Algúns políticos galegos faloron nestes días do perigo de que a defensa do País Galego nas Cortes quede sometida ó «donaire» dos deputados e senadores de todas partes. E referíanse ás cortes republicanas como exemplo histórico. ¿Sucederá o mesmo agora? No «Heraldo de Galicia» o escepticismo fronte ós «elexidos» era grande naquel momento. ¿O escepticismo de agora? Velahí a actualidade.

UNHA DEREITA NON HOMOLOGABEL

DG configurábase nembargantes como un grupo político radicalmente distinto e antagónico das dereitas españolas.

A crítica do Heraldo de Galicia ás dereitas españolas resulta verdadeiramente ferinte e irónica. Según o semanario, atribúanse a tutela da relixión, sendo non poucos deles increntes; reservábanse a salvagarda da familia, estando moitos separados das súas mulleres; proclamábanse defensores da propiedade privada, sendo ben coñecida a súa falla de respecto ós bens alleos.

Resulta especialmente duro o xuicio sobre Calvo Sotelo, do que o semanario esperaba que, despois de ser elexido prás Cortes en 1933, «se meterá de seguro en las aguas turbias del fascismo y del monarquismo y no hará otra cosa que disparar obuses contra los obstáculos que se oponen a sus desmedidas ambiciones» (Heraldo de Galicia, 11-12-1933). Con algúns días de anticipación tiña escrito que «Pepi-

to Calvo Sotelo se nos ha hecho fascista... Quiere ser el Hitler de España, quiere atropellar las libertades autonómicas de Cataluña y del País Vasco, quiere volver a subir las contribuciones un 100 por ciento, quiere mandar mucho, quiere volver a ser el amo» (Pepito Hitler, en Heraldo de Galicia, 27.11.1933).

NACIONALISMO E MODERACION

As eleccións de novembro de 1933 foron un desastre prás esquerdas e republicanos, pro sobor de todo prós nacionalistas. O PG presentara como candidatos por Pontevedra a Castelao e Paz Andrade; por Ourense a Otero Pedrayo; por Lugo a Xerardo Alvarez Gallego e Pedro Basanta del Río; por A Coruña a R. Suárez Picallo, R. Martínez López e M. Banet Fontela. O semanario ourensán fixo propaganda a favor de Otero Pedrayo candidatura que consideraba suficientemente acreditada por «ter defendido máis que ninguén os intereses de Galicia», non sendo por outra banda nin bugallalista nin cal-

vosotalista. Algúns sectores acusábanos precisamente de connivencias con estes secotres. Un católico escribía: «Los galleguistas somos pocos en la provincia. Los católicos, muchos. Pues por ellos ha de salir». (Los católicos han de votar a Otero Pedrayo, en Heraldo de Galicia, 8.11.1933, p.l.). Despois do fracaso electoral, o semanario referíase á «basura electoral» levada ás Cortes polos votos e ós amaños, preguntándose:

«¿Será que los gallegos somos más distraídos que los demás españoles?... ¿A qué atribuir la verdadera catástrofe que el sufragio ha sufrido en Galicia? Seguramente a una sola razón y a una sola causa. A que todos los problemas que se debatían en estas elecciones no interesaban a los gallegos ni mucho ni poco. Galicia no es más tonta ni más granuja ni más distraída que cualquier otra región. Lo que ocurre es que aún no tiene conciencia de su propio ser, de su propia personalidad, aunque perciba de un modo subconsciente que los problemas de España no son sus problemas. Que no lo son ahora y que no lo fueron nunca». (Heraldo de Galicia, 4.12.1933).

Nestas adversas circunstancias Heraldo de Galicia propoñíase esixir responsabilidades ós deputados de dereitas da súa xestión nas Cortes, prevendo a súa escasa dispoñibilidade pra defenderen os intereses de Galicia e temendo que, ó máis, se limitarían a preocuparse, coma en tempos de Montero Ríos, das carreteras, as carterías e as estacións telegráficas. De feito moitos dos deputados se adheriran xa ós conservadores republicanos ou á CEDA, adicándose a defender con entusiasmo os ideais de orde, familia e relixión, cando non os seus propios intereses; outros, entre os 26 elexidos, eran claramente calvosotelistas; algúns, finalmente, adheríanse ós agrarios en espera da próxima colaboración gubernamental desta minoría parlamentaria. No sen comentario, o semanario deixa entrever unha vez máis a distancia que separaba a dereita castelán da futura dereita galega: «En realidad, nada menos acertado para un diputado gallego que afiliarse a los agrarios, partido regional castellano, típicamente castellano y defensor por imperativo de su naturaleza de los intereses de Castilla, siempre opuestos y siempre en pugna con nuestros intereses particulares». (Y de Galicia ¿qué? Pues de Galicia, na, en Heraldo de Galicia, 11.12.1933).

Eben coñecida a relación entre Heraldo de Galicia (semanario ourensán) e o Partido Galeguista, despois da fundación deste en 1931. Sen se-lo seu órgano oficial (esta función correspondíalle a A NOSA TERRA), Heraldo de Galicia servíu de canle privilexiada a difusión da ideoloxía nacionalista e dos programas políticos do partido. O terse producido nos derradeiros anos da República unha escisión no seo de PG, o semanario ourensán pasou a converterse en órgano do grupo escindido, que asumíu a denominación de Dereita Galeguista.

«A Nosa Terra» facía público o 15-7-1935 o programa político e ideolóxico que consumaba a separación do grupo secesionista de Pontevedra. O documento aparecía firmado por Xosé García Vidal, Xosé Lino Sánchez, Darío Caramés, Xosé Filgueira Valverde, Xosé Sesto López e Xosé Martínez Tiscar. Os valores cristiáns e a presenza da Igrexa Católica en Galicia —realidades xamais postas en dúbida polo PG— viñan considerados na declaración pontevedresa como algo consustancial co espírito galego. O documento comportaba de rechazo a oposición ó marxismo e ó futuro Frente Popular por parte dun grupo político que, polo demáis, seguía firmemente afincado no nacionalismo e no republicanismo. Non foron outras as razóns que provocaron a ruptura entre DG e PG.

Poucos días antes das eleccións de febreiro de 1936, Heraldo de Galicia fixo público o manifesto da DG de Ourense, firmado por Vicente Risco, Xosé Fernández Borrajo, Xosé A. Varela, Isidoro Guede, Xosé Luís Parente, Angel Martínez Doval, Xosé Perille Garra e Xosé Goyanes.

A secesión definitiva da DG tuvo a súa orixe na IV Asamblea do PG e o motivo fundamental compre buscalo nesta radicalización do partido e na súa dispoñibilidade pra establecer compromisos e alianzas coas forzas de esquerda. Compromisos e alianzas considerados tradicionalmente como incompatíbeis co cristianismo por amplias sectores dos católicos máis influenciados polo maxisterio eclesiástico. A permanencia ou secesión do PG presentábase por tanto como un problema de conciencia pra moitos, quizáis por enriba da súa condición de alternativa política. Sabemos que algúns notorios católicos, como Otero Pedrayo e Alexandre Bóveda, preferiron permanecer no PG, desempeñando incluso algúns deles funcións de máxima responsabilidade no seo do partido.

Escolma/TEIMA

Picaraña

L.P.

Din que chegou a democracia. Aló en Madrid. Porque a de Galicia tardará en chegar. Pro, así as cousas, a administración central terá que aproximarse ás chamadas «periferias». O menos comprometido —debería ser xusto ó revés— será a cultura nas súas manifestacións. Máis aínda. Coa experiencia que gardamos, resulta futuríbel que incluso sexa utilizada como máscara. Os fascistas sempre falan de «peculiaridades culturais». Pois non, señores. Se entre as liberdades que din van traer axiña, a cultura chega enlatada como deica agora, que se queden con ela. Se o único que van conseguí-los senadores e deputados que atoparon de regalo uns centos e miles de votos galegos, é que en lugar de Manolo Escobar nos ofrezan a Víctor Manuel, graciñas pro non. A cultura, e ogallá entendan así os señores que irán a Madrid —din que pra defende-los dereitos de Galicia— está nesas asociacións culturais espalladas polo País, nesas editoriais que sufriron a ditadura e a pesares disto resistiron, nesas organismos vivos que son certos colexios profesionais, nesas semanas de cultura galega e nesas «xornadas» de cine ou «mostras» de teatro, que tiveron que mendigar polas portas catro cadelas pra recibir en moitísimos casos o «non» por resposta. «Non» que dixeron tantas veces moitos deses homes que agora van a Madrid representando ó pobo galego.

A cultura está na entraña mesma da identidade do País Galego. E que non nos veñan agora, señores, con que defenderon a lingua, a arte, a literatura, o patrimonio de Galicia. Poucos, é ben triste decilo, tiveron a coraxe —claro que tamén fai falla senti-la necesidade— de enfrontarse en tempos duros pra que Galicia se sentira identificada consigo mesma. Neste senso, hai que decir que un dos poucos deputados e senadores que foron honrados coa cultura galega é precisamente o nomeado polo Rei, o doutor e escritor García Sabell. Pola súa esquerda galega, dos que van a Madrid, ninguén.

¿Quén dos votados —ogallá me equivoque— forzará á oficialización de lingua galega? ¿Quén apoiará un amplo movemento cultural galego, o que con censuras xa está na rúa desde que os auténticamente nacionalistas, os que non estiveron nin están preñados do españolísimo poder, saíron ó encontro co pobo, con Galicia?

Ogallá me equivoque.

LIBROS

Xosé Ramón e Fernández Oxea. GALICIA NO CORAZÓN. Ediciós do Castro. A Coruña, 1977. 236 páxs.



A vida e traballos dalgúns homes semellan icebergs: non mostran máis ca unha pequena parte da súa proporción real, unha parte cativa, pro debaixo da superficie, dándolle corpo a todo, dispostos a xurdiren en calquera intre, cheos de significado, están os traballos e os días, longos días e longos traballos. Este ven se-lo caso de Ben-Cho-Shey, que naceu en Ourense en 1896, vencellouse dende moi novo ó galeguismo e exercéu como tal durante toda a súa vida. Este volume ven recoller unha escolma dos seus traballos periodísticos, feita por Xesús Alonso Montero, e unha homenaxe á súa persoa.

O libro máis coñecido de Ben-Cho-Shey é un traballo etnográfico: *Santa Marta de Moreiras*, estudio sobor dunha parroquia da provincia de Ourense, no que traballou unha chea de tempo, editado en 1969. Ten logo varios libros de contos. ¿Quén non lembra o «Catón» prós nenos? Ten unha chea de proxectos tamén: sobor de Ourense, un dicionario de emblemas heráldicos, un traballo sobor dos Oxeas, outros sobor da gaita... Ten unha fermosa biblioteca. Varias xeneracións de galegos pasaron pola súa casa de Madrid en anos difíciles: os homes do «grupo Castelao» primeiro, os de «Brais Pinto» (X.L. Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Bautista Alvarez, Fernández Ferreiro, Patiño, antre outros), os «Amigos da Unesco»... Ben-Cho-Shey (nos anos difíciles) tentaba de ser como unha illa de galeguidade en Madrid, daba clases de galego onde fora, escribía, achegaba Galicia á xente dende a súa posición de erudito coñecedor das cousas do país...

Polo demáis, a meirande parte da súa obra, e poida tamén que a máis eficaz e directa, anda espallada polos xornais e publicacións periódicas: artigos soltos, crónicas, pequenos relatos... Non é doado recoller tanto material e este *Galicia no corazón* (con limiar de Isaac Alonso Estrabís) ven ser un achegamento a tanto traballo, pouco máis. Xosé Ramón e Fernández Oxea ten agora 81 anos e non andaba moi ben de saúde nos últimos tempos. Este libro quere ser homenaxe e pequena recolleita, escolma dese traballo anónimo, pinga a pinga no tempo, teima que teima, dende os primeiros traballos arredor do facho dos homes da «xeneración Nós». E xa ten chovido dende aquela. X.M.

* * *
Rafael Ruíz Fuentes. José Pérez Vilariño. VIVIR EN GALICIA. Ediciones Felmar. Madrid, 1977. 180 páxs.

Advirten os autores no limiar que o libro está feito coma vehículo de coñecemento da realidade galega pra aqueles sectores que viven alleos á problemática do país (dentro ou fóra do mesmo). Diante do crecente despertar colectivo da conciencia do noso pobo, os autores tentan dar ó lector «unha serie de elementos de xuício que axuden a clarexar e desmitifica-los tópicos que dende a mesma Galicia e sobor de todo dende fóra dela se teñen mantido pra presentar unha visión folclórica ou superficial do país galego, agachando a súa verdadeira problemática».

Apoiándose pró seu traballo —que compre calificar principalmente de divulgador— nun estudio sociolóxico realizado por «Metra-Seis» e financiado por unha entidade bancaria, varios traballos do departamento de Socioloxía da Universidade de Santiago e varias aportacións de autores que van dende Castelao a Lisón Tolosana e Beiras Torrado. O resultado, repetímolo, é un traballo de achego, de iniciación divulgadora a partir da realidade (dos datos recolleitos na realidade) e fóra de plantexamentos teorizantes. Que ninguén veña buscando un traballo en profundidade sociolóxica, histórica (hai unhas pingas tamén iniciadoras de Xosé Ramón Barreiro), cultural ou económica porque nada disto vai atopar.

O coñecedor do tema poida que non atope tampouco plantexamentos novos. Non os hai. Pro sí terá uns datos fiabeis nas mans, e isto témolo que agradecer todos nun intre onde estamos sobrados de plantexamentos no aire ou, cando menos, enriba de non poucos lugares comúns. Son moi interesantes e clarexadores os cadros que os autores presentan sobor de diferentes enquisas e temas recolleitos no traballo: grados de dificultade pra

se expresar en galego segundo as diferentes edades, clase social, vivenda, etc.; opinións encol do ensino da lingua; actitudes; grado de coñecemento do país (o personaxe galego máis coñecido é Rosalía de Castro, logo —a bastante distancia— Franco, logo Castelao); composición social dos diferentes partidos políticos, etc. Xa non nos gustou tanto o sistema de recollida de respostas (ou o artellamento das mesmas no libro) que obrigou ó lector a crer cegamente na fiabilidade dos autores pro non dan datos nin referencias suficientes pra situar-las condicións, lugar, etc., en que foron feitas.

Hai páxinas que non din nada novo. Hai outras interesantes. O libro, en xeral, ten interés, anque repetímolo seu carácter máis ben divulgador que descubridor de novas perspectivas. Os autores afondan principalmente nos comportamentos e opinións da xente diante dos seus propios problemas, o estado de opinión (poderíamos decir) que o país ten de si mesmo. E isto é cicaís o máis interesante. Tampouco é doado mete-lo país en 180 páxinas. Os millores capítulos son os adicados á educación (grande parte das enquisas e sondeos de opinión que se fixeron estiveron orientados neste senso ó traveso de investigacións do ICE e o departamento de socioloxía de Económicas que dirixe o profesor Vilariño), o adicado á lingua e o traballo sobor da política (anque non sabemos se algúns resultados terían de ser agora revisados un chisco). As enquisas e sondeos están feitos no ano 75. V.F.



cartas a dirección



NON A DISCRIMINACION NO ENSINO

Sr. Director: Ante todo, unha sinxela felicitación pra todo o formidable equipo TEIMA.

Teño aquí diante o número 17 e como mestra —aínda que non en exercicio— non podo calar ante o «caso doña Eudoxia»... A súa insultante discriminación merece a repulsa de toda GALICIA. E xa que non entende o que o estudio non é patrimonio dos «ben situados» senón dos BEN DOTADOS INTELECTUALMENTE, somentes me permito facerlle a seguinte consideración: SE OS NENOS DA MONTAÑA NON ESTAN EN CONDICIONS DE ESTUDIAR ¿POR QUE HAI TANTO ZOQUETE NA CAPITAL?

Perpetua Vázquez Pereira
Vía do Norte, 31, 5º D
Vigo

A RENFE PASASE

Sr. Director: Queremos denunciar enérxicamente á RENFE, por algo que nos ocorreu recentemente. Viñamos no tren dende Vigo pra Coruña, en catro vagóns. Chegamos a Santiago e cáil non foi a nosa sorpresa, ó ver que nun pechar e abrí-los ollos o noso vagón enchíase hastra os topes. O caso foi que tivemos que vir uns sentados por riba dos outros. Foi tal o estarabouzo que se armóu, que as xentes empezaron a enfrentarse ante eles mesmos, cando en realidade toda a culpa era da RENFE, pois dos catro vagóns quitóu dous, armándose entón este desmadre; que non houbo un accidente de «puñetera» casualidade, porque iba tan cheo que en vez de ser un tren parecía unha «tortuga» e cando frenaba, toda a xente tremaba. Nestas condicións chegamos á Coruña con tres horas de retraso.

Facemos esta denuncia pra que o POBO GALEGO tome conciencia de estes feitos, pra que non ocorran outra vez, pois pagamo-los billetes pra ir sentados hastra o final do camiño. E que logo a RENFE non faga spots publicitarios como «Papá, ven en tren», que algún día chegaremos a...

Moitas gracias.

Rosa Fernández e Marica Villalba
A Coruña

AS FACENDAS DUN CREGO

Señor Director: Como lector de cotío de TEIMA, que ó meu entender é a única onde nos enteramos

das cousas do noso pobo, quixera que na revista que vostede dirixe, tamén se publicasen certas cousas que non se iñoran, pro que non se publican, porque as paroladas indirectas os intresados sólvenas como cuco. O país de ánimas da parroquia de Santa Cristina de Barro, axuntamento de Noia, como non o teñen en conta os gobernantes pra un posto de tesoureiro do Estado ou de ministro da Facenda, así as arcas nunca collerían barolo, polo menos as del. Non hai moito tempo —no maio que finóu— fíxolle un cabo d'ano a un ser moi querido pra min e cobróu cinco mil pesetas, 4.500 pra él e 500 pró sancristán. O decírlle que na terra onde estóu hai trinta anos que non cobraban tanto, dixo que os curas vascos tiñan moitos cartos.

O chegar eiquí preguntéille ó abade da parroquia á que perteñeizo e dixo que fora un roubo, que eiquí a mesma foliada non costaba máis de cen pesos. O mesmo tempo chegóu unha feigresa pra facerlle unhas misas pra un finado e ó preguntarlle cánto costaban, díxolle que por tres misas, trescentas pesetas. Ela ó ouvir aquilo díxolle que as facería no convento de San Francisco, que llas cobraban a 75 pesetas cada unha. El facendo aspaventos dixo: «Así serán elas». E pregunto eu, ¿e logo as misas e igual como que lle bota uns paus ós zocos?. Eu penso que ten que ser así. Non chegóu aínda a hora de que por medo nos deixemos de pregoar polas tabernas e cantarlle ás do barqueiro o que sexa e non como os feigreses da citada parroquia, que todos ó ouvido, ándanlle sacando ó cura o pelexo, sin pregoarllo a quen fai falla que se entere.

Na citada parroquia fíxose un camposanto novo. Uns feigreses cederon os terreos e outros os cartos pra tapealo coa condición de ser pra parroquia. Así pon o letreiro que aparece na entrada. Falóuse de facer unha capela e un oseiro porque non ten nin un cuberto pra desmembrar-los cadáveres cando fai falla. De capela e oseiro, nada. Agora sae decindo que todo eso é do Arcebispado e él está ás ordes do señor Arcebispo. Os que fixeron a xuntanza pra face-lo camposanto, uns finaron e outros, os que quedaron, despóis de ouvir nas homilías domingueiras que boas cheadas se daban á conta, deixáronlle todo o cárrego a él. Foi como darlle toxos ó cabalo, pois eso era o que quería él.

Vendéu terreo prós panteóns, fixo bos cartos e candó lle reclaman a capela e o oseiro dí que non fai nada sin o señor Arcebispo. Nos úl-

timos días de maio estivo por alí monseñor Suquía, arcebispo de Santiago; ninguén lle dixo nada e todo quedóu na mesma.

Eu creo que monseñor Suquía non sabe da misa a metá e se sabe, é das misas que fan no convento de San Francisco. ¿Non é hora de que ceibemente se pregoe sin medo, xa que estamos pedindo autonomía pra tódolos pobos, e que sexa logo, se pida tamén autonomía prás ánimas? ¿Qué teñen que ver as ánimas de Santa Cristina coas de Santiago?. Esto, sempre e cando sexa cousa do señor Arcebispo, pro pra eso ten que sabelo.

Ten que me perdoar polo meu galego, pois saín da escola ós doce anos e non foi pra andar de «xipie», que non naceran aínda.

M.B.B.
Etxebarría Bat nº 2-2º drta.
Inchaurrondo
San Sebastián

OLLO COA CONTAMINACION DA ALUMINA

Señor Director: No número 25 de TEIMA vexo con asombro un anuncio da instalación en San Cibrao do complexo industrial de «Alúmina y aluminio», instalación que xa parece segura.

Nese anuncio non se fala ren nin dos «lodos roxos» nin de ningún outro tipo de contaminación, cousas estas que, paréceme, eran os principais defectos da obra e que agora, sen se saber cómo, xa non están.

Se non erro, hai algún tempo, a xente da bisbarra manifestóu o seu desacordo coa instalación do devandito complexo. Mesmo creo que algún partido político respaldóu esta protesta... E agora ¿ónde quedóu todo aquilo?, ¿ónde os partidos?, ¿quén lle fixo caso á xente?.

Señores, a nosa terra é unha cousa moi grande pra xogar con ela. Se os partidos van defendela só cando lles convén, se as industrias fan o que lles ven en gana, estámolos a matar entre todos.

Agradecéndolle a publicación.

Eduardo Menéndez-Valdés Alvarez
Suscriptor número 2.270
Sevilla

CUSTION DE FORMAS, EN LUGO

Querido Director: E a segunda vez que escribo mediante «Carta ao Director». E anque non me gusta o sistema, síntome na obriga de em-

pregalo pra aclarar a absurda información que se déu sobor do mitin de Alianza Popular no Pabellón dos Deportes de Lugo.

Creo que quen vos informóu estaba presente. Eu estaba en Sevilla. Entereime eu millor en Sevilla que o que estaba no Pabellón. Só vou entrar en materia no relacionado cos señores que quitaron a chaqueta.

Segundo o informante, ademáis do señor Fraga fixérono: o señor Delegado Provincial de Educación e Ciencia e o señor Carro Martínez (hirmáu do Ministro, éste, o cinto).

Nace o erro do informador en que ouvíu por un lado algo dun señor que se apelida Carro e por outro, algo relacionado con Educación e Ciencia. Revisando os diferentes medios informativos pode confirmarse que o señor Sánchez Carro é o mencionado, que por certo ten vinculación con Educación e Ciencia. A bipartición que se fai dun señor pra dar orixe —por obra e gracia do inspirado informador— a un Delegado Provincial e a un hirmáu do Ministro, é cando menos orixinal. Problemas dabondo ten —e moi gordos por certo— o señor De Benito García na Delegación de Educación e Ciencia pra meterse en camisas políticas de once ou máis varas.

En canto a que no Pabellón quedaron 150 personas, non me cabe dúbida de que hai un erro de imprenta, xa que o xusto é decir —como a bon seguro foi escrito e non transcrito— que quedaron órredor de 1.500 personas. Sobor do resto, non entro ni sallo.

Referireime agora —e xa remato— á páxina 18, columna coarta, do número 17 de TEIMA. Falando do ensino no Caurel dise nun traballo pró que aportei eu os datos que ás mestras «non lles valéu de nada acudir ó Delegado Provincial de Información e Turismo e tiveron que quedarse sin que ninguén lles atendera o seu desexo de réplica» a unhas declaracións da inspectora ó diario «El Progreso» de Lugo.

Poido decir cón coñecemento de causa que é certo que non prosperó o escrito de queixa, máis foi por custións de forma e prazos que a Administración ten sobradamente fixados. Non houbo desatención ó recurso.

Unha aperta.

Xulio Xiz
Lugo

N. da R.: Polo que pode verse, erros a un lado, todo foi «custión de forma» sin ou con chaqueta. E especialmente no Pabellón dos Deportes. O grave é que hai que cuida-las formas pra evitar males maiores.

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono

OS LIBROS-TEIMA

(Ou como conseguir de balde unha completa biblioteca galega)



Agora ten a posibilidade de facerse cunha completa biblioteca galega sen gastar un can. Todo o que debe facer é fiarse das instrucións:

1) Fágase suscriptor de TEIMA, por un período dun ano, e suscriba a dous amigos.

2) Remítano-las tres suscripcións.

E xa está. A volta de correo recibirá un lote de libros galegos sobre a temática que lle pete: ensaio, novela, historia, gastronomía, política, temas actuais...

Por suposto, pode repeti-la operación tantas veces queira e poida. En cada ocasión recibirá un distinto lote de libros.

Contribúa a que TEIMA medre... e faga medra-la súa biblioteca.

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º IMPOSTO EN CONTRA REEMBOLSO

DATA

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Escriba á rúa do Hórreo, 94-Entrechán—D
Departamento de Suscripcións.